

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día trinta de xuño de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Non asisten as deputadas dona Consuelo Vispo Seara (Grupo Popular) e dona Elvira Lama Fernández (Grupo Socialista), que conforme co artigo 7.bis do Regulamento Orgánico da Deputación, e trala autorización previa da presidencia, exercen o voto non presencial en todos os puntos do apartado resolutivo da orde do día, computándose no resultado da votación de cada punto estes votos.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación dos puntos cuarto, sétimo, oitavo e noveno.

O deputado do Grupo Socialista, don Francisco José Fraga Civeira, estivo ausente na votación dos puntos oitavo e noveno.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta:

<http://videoacta.depourense.es>

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE MAIO DE 2016.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de maio de 2016, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di, en relación co voto non presencial das deputadas ausentes, que é unha vergoña que na “provincia intelixente” (que ademais é “provincia termal” e hoxe se aprobarán medidas para que sexa “provincia cardioprotexida”) levemos case tres anos para que o voto teña que ser nestas condicións (é dicir, por correo, non telemático) dende que se aprobou a modificación do Regulamento Orgánico a instancias da deputada socialista dona Victoria Morenza Doforno. Por tanto, pide que se fagan menos alardes mediáticos, menos pico e máis pala, porque esta fóra de lugar ao seu xuízo que teñamos que votar así, a estas alturas, na “provincia intelixente”).

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto primeiro](#)

Non se formulan máis intervencións e acta do 27 de maio de 2016 é aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS QUE FAVOREZAN A TRANSPARENCIA NO SISTEMA DE CONTRATACIÓN DE OBRA PÚBLICA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que defenda o contido da moción, que foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, comeza dicindo que lle parece unha falla de respecto tremenda por parte do Sr. Presidente que esta mañá leve dirixindo a sesión dende hai bastantes minutos e aínda non empregou o idioma inglés para dirixir a sesión, o que considera unha grave falta de respecto tendo en conta cal é agora o noso novo estatus internacional trala xuntanza cos norteamericanos, porque non di que tivese que vir aquí ao Pleno o embaixador dos EE.UU., pero qué menos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

que a sesión en parte se desenvolvese en lingua inglesa, se cadra poñendo uns *pinganillos* para quen non entendese ese idioma, por exemplo, o Sr. Vicepresidente 1º, don Rosendo L. Fernández Fernández.

Comentando o resultado das recentes eleccións xerais (que tiveron lugar o pasado 26 de xuño) di que quere dar a noraboa aos vencedores nesas eleccións, que ao seu xuízo son os partidos que forman o bloque de esquerdas, porque son os que teñen a maioría parlamentaria, o PSOE e Podemos. Respecto desta provincia, o PP acadou o 50 % dos votos a pesar de que o Sr. Baltar comparte siglas co Sr. Rajoy e o Sr. Núñez Feijoo, porque se o Sr. Rajoy e o Sr. Núñez Feijoo non estivesen no PP, o PP co Sr. Baltar acadaría o 80 ou o 90 % dos votos, pero xa veremos qué pasa agora nas autonómicas. Entrando na moción presentada polo seu grupo, di que arredor do 75 % das obras que se dan a dedo nesta Deputación se adxudican a cinco empresas, cando na provincia as empresas de construción son unhas 200 ou 300. Obviamente, este feito é sospeitoso. Sucede ademais que estas empresas cando acoden a concursos públicos fan grandes descontos nas súas ofertas, pero nas adxudicadas de xeito directo non, o que indica que a Deputación está deixando de beneficiarse das posibles baixas que se obterían si estes contratos se licitasen, co que a Deputación está malversando o diñeiro público y probablemente se estea a producir un enriquecemento ilícito, e neste senso lembra que este asunto xa foi levado por DO ante a Fiscalía, e agardan que o Fiscal faga o seu traballo e *empure* ao paxaro este (en referencia ao Sr. Presidente). Cre que este é o *modus operandi* da corrupción en España en materia de obras, no que o PP é protagonista: se ditamina polos técnicos que o prezo dunha obra andará en torno aos 60.000 euros (e todos sabemos que o prezo das obras é tremendamente elástico) e logo se adxudica sempre ás mesmas empresas, de xeito reiterado, como xa dixó, cinco empresas copan o 75 %, e como ten dito moitas veces o Sr. Vicepresidente 1º cando era concelleiro en Ourense, o que é medible non é opinable. Di que o que pretende DO con esta moción é algo semellante ao que fan algúns ludópatas nos casinos, aos que solicitan que non lles deixen entrar: facer un sistema no que non se vaia ao límite do orzamento de adxudicación directa, incrementando as obras se xeito que se saquen a concurso, e deste xeito evitar tentacións – non para o PP, que xa se sabe que un partido de xente íntegra e impoluta – senón para cando entren no goberno en 2019 DO ou o PSOE, para que non lles entre a tentación de roubar.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que, efectivamente o sistema de contratación desta Deputación é desde hai moitos anos, tantos como o baltarismo ten de existencia, unha das tres patas sobre as que se fortifica o baltarismo e necesaria para entender o clientelismo político. Di que foron moitas as persoas que non entraron na Deputación pero atoparon nas empresas que contrataban con ela un acomodo laboral, e que ao longo dos anos, foron medrando unha serie de empresas, vinculadas ao Partido Popular que sistematicamente foron levando todas e cada unha das obras que se adxudicaban por parte da institución, iso si, sen facerse dano entre elas, porque cada unha opera nunha parte do territorio concreto. Engade que o Sr. Presidente non cambiou nada respecto do seu antecesor, agás as formas, e mantén vixente o sistema de contratación das obras públicas iniciado polo seu predecesor e proxenitor, iso si, agora o fai desde a “transparencia” formal. Trátase ao seu xuízo dunha modalidade que beneficia fundamentalmente a empresas vinculadas ao PP e a cargos ou ex - cargos públicos dese partido na provincia dedicados á construción, adxudicándose as obras a través da aprobación de decretos ou mediante procesos negociados sen publicidade. Por se fose pouco, e para evitar que as contratacións poidan caer en empresas que non sexan da “causa”, nos Planos provinciais, agás que os concellos poñan unha cantidade de diñeiro do que non dispoñen, é a propia Deputación a que adxudica as obras dos 91 concellos da Provincia, que como ben se explica na moción, non chegan a cantidade mínima esixible por lei para que teñan que saír a concurso ou subhasta. Por todo isto, e aínda que sexa de xeito testemuñal, porque non cre que o PP a apoie, anuncia o voto a favor da moción por parte do seu grupo.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que comparten algúns aspectos da moción, no senso de incrementar a transparencia neste ámbito, pero di que o seu grupo fixo xa algunha proposta para, cando menos, mudar a sensación de que hai un grupo reducido de empresas que acapara as contratacións, e mesmo pode ser necesario que mude a Lei para tratar de evitar a desconfianza que pode xurdir ao respecto nesta materia, porque a verdade é que a Lei permite o que se está a facer nesta casa coas contratacións menores. Cousa distinta é que dende o punto de vista ético se poida dar a entender que son, non cinco empresas, senón tres ou catro que se levan o 75 % ou máis das obras da Deputación, como el mesmo tivo ocasión de expoñer nunha reunión na Cámara de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

Comercio, e os propios empresarios o saben. Cren que para evitar esa problemática o primeiro sería instar a quen corresponda a que cambie a Lei. Di que é verdade que dende os concellos se tenta beneficiar a aquelas empresas que, dentro duns criterios obxectivos e dun marco de equidade, sexan da propia comarca ou do propio municipio, e isto é algo razoable, e por iso o seu grupo estaría a favor de que se crease unha bolsa de empresas, semellante ás bolsas de emprego, para que a Deputación lles adxudicase obras. O que non lles parece razoable é que o 80 ou o 75 % de cantidades millonarias que se adxudican nesta institución se repartan entre moi poucas empresas. Subliña que no cre que isto sexa incorrecto dende o punto de vista legal, pero que dende o punto de vista ético e moral isto pode e debe corrixirse, e por isto farán chegar por escrito as propostas neste eido que fixeron no anterior Pleno, e as farán chegar tamén á Cámara de Comercio e ás asociacións de empresarios.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que se ánimo de entrar en observacións máis ou menos simpáticas do Sr. Pérez Jácome, anúncialle que votarán en contra da súa moción, cuxo primeiro punto é extemporáneo, porque os Plan Provinciais de 2016 están en execución, e moitas obras xa están incluso rematadas, e polo tanto aconsella ao Sr. Pérez Jácome que cando se debatan os orzamentos do ano 2017 presente estas propostas porque poderán debaterse con máis oportunidade. Con respecto ao segundo punto, di a moción da un pequeno consello ao Goberno provincial, e pide que se cumpra a Lei, cousa que xa se está facendo. Pídelle que a súa oportuna e simpática demagogia televisiva se reduza ao mínimo neste tema. Explica que o vixente Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público regula diferentes procedementos de contratación, como son o procedemento do contrato menor, o negociado con ou sen publicidade, o restrinxido, o aberto e o diálogo competitivo, e na actualidade, e para a contratación de obras, a Deputación utiliza exclusivamente o procedemento de contratación menor cando o importe das obras é igual ou inferior a 50.000 euros, IVA excluído, e aberto nos demais casos. Os contratos menores regúlanse nos artigos 23, 111 e 138.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e só requiren a autorización do gasto e a incorporación da factura, no caso das obras, e ademais un orzamento e proxecto técnico, de se – lo caso. Esta figura xa se contemplaba na anterior lexislación de contratos dos anos 1995 e 2000, e fixaba o importe do contrato menos nas obras en 30.000 euros, IVE incluído, importe que se aumentou a 50.000, IVE excluído, na Lei de 2007, manténdose o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016

dito importe no Texto Refundido vixente, e esta mesma figura se prevé no proxecto de Lei de Contratos do Sector Público actualmente en tramitación, polo que parece que a tendencia non é a de mudar a situación, e en todo caso haberá un novo Goberno, ou iso se espera, e será o Parlamento o que nos teña que dicir qué está ben ou qué non esta ben, e nós cumprilo. Di que vantaxe deste procedemento, pensado para actuacións de menor contía, que son a maioría, é a celeridade na adxudicación do contrato, e isto debémolo ter en conta, porque este procedemento faise en dou ou tres días, e en cambio o procedemento aberto como mínimo leva dous meses, e isto é importante, porque posibilita un maior grao de execución dos orzamentos ao peche do exercicio, o que é moi importante para os efectos das normas que regulan a regra de gasto, o teito de gasto e todas esas cousas que non esixía o Sr. Montoro, e xa veremos quen nolas esixe no futuro. Por outra banda, non sempre é máis eficiente o uso do procedemento aberto, porque con toda normalidade se acadan rebaixas de ata o 30 %, e isto acaba pagándoo a obra, especialmente se consideramos que o beneficio industrial máximo consignado nun orzamento é do 6 %, co que, de implantarse o sistema propugnado polo Sr. Pérez Jácome recoméndalle que se leve unha cadeira para ir vixiar as obras, porque probablemente o técnico director non dea feito. Con respecto á contía das obras municipais nos Plans Provinciais, di que se ven incrementando progresivamente o orzamento asignado a cada concello, pasando de 41.300 euros, IVE incluído, en 2012, a 52.500 no ano en curso, sen achega obrigatoria para os concellos e sen achegas do Estado. Di que no plan de mandato 2015 – 2019 se reflicte a vontade do Sr. Presidente e do grupo de goberno nesta materia, pasando dos 50.000 euros ao inicio do mandato aos 60.500 previstos para o derradeiro ano, incluíndose ademais á entidade local menor de Berán, que ata a data non se incluía nos Plans Provinciais. Sinala que no resto das obras municipais que poidan financiarse pola Deputación vía subvención nominativa, o orzamento de cada unha virá determinado, como é obvio, polo proxecto que presente cada concello. Polo que respecta ás obras da Rede Viaria Provincial, que abrangue 1.840 quilómetros en toda a provincia, a distribución do investimento correspóndelle a este Pleno, e non lembra que no debate dos orzamentos para 2016 se dixese nada ao respecto. Reitera que cando se debatan os orzamentos do ano 2017 o Sr. Pérez Jácome terá a oportunidade de facer estas suxestións, e de determinar a súa viabilidade. Polo exposto, di que non procede que se aprobe esta moción, por extemporánea e por oportunista, e que o único que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

perseguen é a resonancia mediática nun ánimo desmedido de ensuciar o gran labor que está a desenvolver este Presidente e que lle reconece todo o mundo menos uns cantos, cada vez menos, e di que recentemente isto foi reconecido, porque o PP gañou as eleccións na provincia de Ourense en 87 concellos dos 92 existentes, e foron os segundos mellores resultados de España por provincias; e extrapolando estes resultados a unhas municipais, cousa que é discutible, pero en todo caso como hipótese, na bancada do PP habería tres deputados máis e na bancada da oposición habería tres menos, e algúns non estarían.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que si realmente di en serio iso de que extrapolando os resultados das eleccións xerais ás municipais algúns non estarían, é que o Sr. Álvarez Dobaño está peor da cabeza do que pensaba, porque DO non se presentou ás eleccións xerais, co que malamente podería estar nesa extrapolación. Di que o de que o Plan do ano 2016 xa está en execución xa o sabían, e que o tiveron en conta, pero consideraron que como o PP ía votar que non e como a moción só vai servir para o puro debate político, daba igual poñer na moción 2016 que 2005 ou calquera outro ano. En canto ao de que se está a cumprir a Lei, di que haberá que agardar a que se pronuncie a Xustiza, e que de momento xa hai unha denuncia posta por DO. Con respecto a esta cuestión, pregúntase cantos pisos se venderon en España en diñeiro negro na época do *boom*, e di que o 99 %, pero que en cambio nin o 0,1 % foi cazado por Facenda por vender en negro, o que significa que falla o sistema, pero o feito de que o sistema non cache ao grupo de goberno non quere dicir que se estea a cumprir a Lei, aínda que obviamente teñen a presunción de inocencia ao seu favor. Pídelle ao Sr. Álvarez Dobaño que isto que el propón para administración pública o aplique na súa vida, e que imaxine que un coche que vale 60.000 llo oferten nun concesionario, porque teñen que liquidalo ou pola razón que sexa, por 40.000, e aplicando o sistema defendido polo Sr. Álvarez Dobaño non se podería comprar por 40.000, porque os técnicos dirían que o valor do coche é de 60.000. E incluso di que o Sr. Álvarez Dobaño da a entender que é malo que se fagan ofertas, porque non se coidaría calidade, e comenta que isto é o colmo, porque segundo esa teoría non podería haber competencia nos mercados. Di que a Lei esta feita a medida polos grandes partidos, que permitiron a contratación a dedo de obras de ata 60.500 euros para poder roubar tranquilos, e logo se xustifica co *rollo* ese da celeridade, e iso non o considera unha xustificación, porque pode cambiarse a Lei para axilizar os procedementos,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

algo moi doado a través de Internet, e se podía facer como na empresa privada, onde se elaboran ofertas en prazos dun día ou dous. Pero iso non se fai para que os grandes partidos, o PP e o PSOE, rouben con tranquilidade e impunemente. Pide que lle explique o Sr. Álvarez Dobaño porque non quere para a administración pública o que faría na súa casa, é dicir, rastrear o mercado na procura da mellor oferta. Di que isto é tremendamente inxusto, e calquera o ve, pero a Lei non mudará mentres os grandes intereses estean aí. Con respecto á acusación de demagogia e oportunismo, di que como non lle poden acusar de ánimo de lucro o terían que acusar de ter ánimo de votos nesta moción, esa sería a palabra técnica. Para rematar, di que seguimos no de sempre, se usan esas etiquetas que tanto gustan nas administracións públicas da transparencia e a provincia intelixente, pero á hora da verdade se permite adxudicar a dedo todos estes contratos, e non fai falla máis que lembrar cómo recentemente, para ver si se entraba nunha asociación de termalismo que custaba uns 3.000 euros ao ano, encargouse a dedo un informe de arredor de 16.000 euros, o que considera surrealista, porque eses 16.000 euros están tamén na zona dos contratos menores de servizos que permite a Lei, que son 18.000 euros máis IVE, e cantidade de facturas que se poden ver aquí na Deputación, unha porcentaxe inusual, andan arredor desa cifra, porque é o máximo que permite a Lei contratando a dedo. O que habería que facer é poñer un anuncio na páxina web das obras que se van facer e que todas as empresas de España puidesen facer unha oferta, pero claro, si se fai así, non se podería roubar.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que quere aclarar algunha cuestión. Di que a suma de moitas obras contratadas dese xeito é o xera desconfianza, e por iso o seu Grupo propón a creación desa bolsa de empresas, porque ás veces hai cousas incomedibles, como que nunha pequena obra de Valdeorras teña que ir traballar unha empresa da outra punta da provincia, porque nesas pequenas obras logo será máis difícil corrixir as deficiencias si as hai, e ademais ao tratarse de pequenas obras as empresas tampouco obteñen unha ganancia excesiva nesa obra en cuestión. Dalle en parte a razón ao Sr. Álvarez Dobaño en canto a que os concellos non están para pedir moitas baixas ou moitas melloras nas obras, porque moitas veces a realidade é que hai que estar case mendigando que as empresas nos fagan certas cousas, porque os orzamentos son moi limitados, e iso debe quedar claro. Di que o seu Grupo non está dicindo que haxa dúbidas en canto a posible corrupción na adxudicación das obras, nin cren que haxa *mordidas* nesas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

obras. O que entenden é outra cousa distinta, que é que esa multiplicación de tantas obras menores nunha soa administración pública é o que debe mudar na Lei, porque non é o mesmo a Deputación que un concello pequeno ou mediano, que só teñen dúas ou tres obras ao longo do ano; outra cousa é unha institución como a Deputación, que contrata moitas obras, o que permite que poidan facer moitas *cacicadiñas*, que por exemplo teñen transcendencia electoral, porque potencialmente teñen unha capacidade de repartir cartos que inflúe nas eleccións, e iso é unha realidade obxectiva. Di ademais que unha cousa é que os procedementos sexan legais, e outra que non se poidan mellorar, con propostas como a que fai o seu grupo de crear unha bolsa de empresas, porque o Sr. Álvarez Dobaño invocaba a celeridade na adxudicación, é ten razón, pero se poden facer cousas con celeridade e non por iso hai que adxudicar as obras sempre aos mesmos (e engade que cousa distinta é que se pidan ofertas a moitas empresas e logo só aparezan un par delas, como lle ten ocorrido no Concello de Ribadavia, nos tres últimos procedementos que realizaron, nos que se pediu oferta a todas as empresas do municipio e só apareceron dúas empresas, co que ninguén pode dicir tampouco nada, porque se pediu oferta a todos). Pecha a súa intervención cun comentario sobre o resultado das eleccións xerais, polos que felicita ao PP, que as gañou na provincia, pero di que unha cousa distinta é que os mérito deses resultados se atribúa ao Sr. Baltar Blanco, porque ata onde el sabe, o Sr. Presidente nunca se presentou a ningún proceso electoral el mesmo, dando a cara como facemos os demais, e por tanto iso de que os cidadáns lle votan a el habería que velo; outra cousa é que os deputados e alcaldes do PP amporen ao Sr. Presidente e consigan votos nos seus municipios. Conclúe dicindo que o tempo é un xuíz que tarda en pronunciarse, pero que acaba amosando quen ten razón, e cre que o tempo dará a razón aos que, como el, están en contra do que fai o Sr. Presidente, porque dicir que os resultado do PP se deben á súa marabillosa xestión na Deputación é, cando menos, un exceso.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Pérez Jácome que, en efecto, DO non se presentou ás eleccións xerais, pero deu a entender que todos os votos que ten ou que pensa que ten foron para o PP, e di que ten as súas dúbidas ao respecto de que iso sexa así, e aclara que único que dixo na súa anterior intervención foi que si se extrapolaban os resultados das xerais ás municipais, na bancada do PP habería tres deputados máis e nas da oposición tres menos, e incluso algún grupo non estaría. Di que o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016

equipo de goberno cumpre a Lei, e segue os informes técnicos a raxatabla, porque para iso está. Engade que non dixo que non fose bo pedir ofertas, que o único que dixo era que a eficiencia dese sistema era cuestionable, e o mantén; e tampouco dixo que os de DO non tiñan nin idea, senón que non tiñan experiencia de goberno, e iso nótase, e cada vez máis, e di que está seguro de que si o Sr. Pérez Jácome tivese responsabilidades de goberno cambiaría o seu discurso, e pono como exemplo que a Xunta ven de convocar un plan de subvencións que remata o prazo para solicitálas no mes de xullo, e a data límite de xustificación é o 31 de outubro, co que polo procedemento aberto é imposible executar as obras, e isto o da a experiencia. En canto ao de que hai que modificar a Lei, insiste en que está en trámite unha nova lei de contratos no Parlamento, e polo visto o camiño non vai por ese lado. Aclara que non acusou ao Sr. Pérez Jácome de ter ánimo de non sei qué, senón dun habilidoso oportunismo para tratar de ensuciar o bo labor que está a realizar o Sr. Presidente, recoñecido por moita xente, cada vez máis. Con respecto á afirmación, que cre que foi o Sr. Rodríguez Suárez o que a fixo, de que a Deputación adxudica todas as obras, di que non é exactamente así, porque as bases dos Plans Provinciais din que os concellos que achegan máis do 20 % poden pedir a delegación, e de feito hai algúns que a piden. Remata dicindo que hai unha clara habilitación legal para empregar o procedemento de contratación menor en obras inferiores a 50.000 euros (IVE excluído) e ata 18.000 noutro tipo de contratos, e este procedemento é rápido e ás veces imprescindible, e isto posibilita executar os investimentos e se cumplan prazos improrrogables de xustificación de subvencións aos que se ven sometidos moitos concellos. Di que este goberno provincial planificou que no ano 2019 cada concello dispoña dunha asignación no Plan Provincial de 60.000 euros. Lembra que mediante procedemento negociado a Deputación podería adxudicar directamente, con só pedir tres ofertas, obras de ata 200.000 euros, e que foi este Presidente e o seu equipo de goberno, sen que ninguén llo pedira, o que autolimitou esa potestade ata 60.000 euros. Lembra, por último, que para Transparencia Internacional a área de contratación desta Deputación é das máis valoradas, pero parece que para isto os informes de Transparencia Internacional non serven para nada. En definitiva, onde o Sr. Pérez Jácome sementa dúbidas, un organismo de tanto prestixio como Transparencia Internacional non só non ten dúbidas, senón que nos valora positivamente. Por último, di que estas cousas se debaten aquí, non nos xulgados.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO, di que iso é o que lles gustaría a eles, que a Xustiza só fose para os cidadáns e que os temas dos políticos só se debatan aquí, e así nunca irían ao cárcere; sostén, en cambio, que estas cousas si deben discutirse nos xulgados. Con respecto a que para Transparencia Internacional esta deputación teña a máxima puntuación, di que quedan inaugurados os xogos olímpicos, e pregúntase como se pode botar man desa organización cando interesa, esquecendo que o propio Comité de Ética da Deputación dimitiu en pleno pola actitude do Sr. Presidente. Con respecto ao argumento da rapidez na contratación, pregúntase como é que o outro día apareceron aquí, na sesión anterior, uns señores dun pobo de Vilamartín de Valdeorras reclamando que lles arranxen a estrada porque levan anos esperando esas obras, e cómo é posible que isto suceda se tanto lles interesa a rapidez. Con respecto ao que di o Sr. Álvarez Dobaño sobre que estas cousas había que telas debatido cos orzamentos, pregúntase cómo se pode ter tanta cara ou tan pouca memoria, e afirma que cando se debateron os orzamentos se furtou a posibilidade de facelo nun pleno monográfico, e o meteron nun pleno ordinario con moitas outras cousas para minimizalo. Con respecto ao argumento de que axustando o prezo se pode perder calidade nas obras, di que tamén é posible que se perda calidade ao axustar os orzamentos para reducilos ata 60.000 euros e poder así adjudica-la obra de forma directa. Con respecto ao tema das eleccións, lembra que cando Pachi Vázquez se presentaba polo PSOE no Carballiño nas municipais gañaba as eleccións, e logo viñas as autonómicas e xerais e gañaba o PP, e pregúntase se isto era grazas aos Baltar, e obviamente non é así, citando unha frase que é un principio de marketing que di que o xinete que gaña a carreira non é necesariamente o mellor xinete, senón o que monta o mellor cabalo, e cando se monta un bo cabalo como é o PP, e moi doado dicir cando as cousas saen ben que é grazas a un e cando saen mal botarlle a culpa aos de Madrid. Di que quere facer unha aposta co Sr. Álvarez Dobaño, e aposta que o PP nas autonómicas vai baixar un 10 % de votos na provincia, que é moitísimo, e anuncia que uns dos eslógans que vai lanzar DO durante a campaña, por terra, mar e aire, é que na provincia de Ourense votar PP é votar Baltar, e xa veremos cantos votos perde o PP.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción de Democracia Ourensana, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as de Democracia Ourensana (2), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) (incluídos os votos das deputadas ausentes).

3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN N.º 1/2016 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO INORDE PARA O EXERCICIO 2016.-

A Sra. interventora expón o contido do expediente, que foi ditaminado favorablemente na comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que o seu argumento, tanto neste punto como no seguinte, que é similar a este, é que ao PP xa non lle chegan os expedientes de modificación na Deputación, e agora tamén utilizan ao INORDE para repartir subvencións nominativas aos concellos do PP, co que estamos na dinámica de sempre. Polo demais, o incremento de gasto de dedica a gasto de funcionamento do INORDE, sen que haxa un só can para investimento produtivo, e pregúntase se esa é a función do INORDE. Anuncia o seu voto en contra.

Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, di que este tema xa se ten debatido noutras ocasións, pero non por iso deixa de ser indignante. Di que hai un intre o Sr. Álvarez Dobaño falaba de Transparencia Internacional e non se sabe xa se virá Obama a felicitarlos. A realidade é que o INORDE é un *chiringuito* montado dende fai moito tempo, e o propio PP e o Sr. Baltar o recoñecían non hai moito tempo, porque fixo dimitir ao anterior presidente do INORDE (en referencia ao Sr. Freire Couto) para coller el a presidencia, e agora xa nin sequera está el, e daquela dixera nunha entrevista televisiva que non era normal que un señor cobrase a cantidade de cartos que cobraba por non facer nada. E iso non só non se modificou, senón que se utiliza a institución para, tras aprobar os orzamentos en setembro, facer modificacións de crédito cada mes para mandar cartos a esgalla aos concellos do PP, e así se teñen logo os resultados electorais que se teñen; despois utilizan a Xunta de Goberno, que é algo do que non se están a decatar a maior parte dos cidadáns, para dar cartos a esgalla aos concellos do PP. E non lles chega con iso, senón que agora usan este *chiringuito*, este chupacartos onde se van facer reunións que non levan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

a nada e só se despilfarra diñeiro, para vir con modificacións orzamentarias con máis cartos para os concellos do PP, o que é indignante. Di que hai cartos non chegan aos concellos que non son do PP, e pide, por poñer un exemplo, que alguén, mesmo o Sr. Secretario, lle explique por qué se lle dan 50.000 euros ao concello de Melón para facer o PXOM, cando os concellos teñen todos liñas de subvencións da Xunta ao 100 % para esta finalidade. Pide que alguén llo explique, e dubida incluso de que isto sexa legal, engadindo que ademais se trata dun concello que ten anulado o PXOM, e isto xa sen entrar a discutir, que tamén sería discutible, as subvencións para a redacción de plans parciais ou especiais dos outros cinco concellos, por certo, todos do PP, e pregúntase se é que os demais concellos non teñen plans urbanísticos e non precisan axuda económica ou é que só teñen dereito a isto os do PP, reiterando que é indignante, porque aínda por riba de beneficiar aos do PP, se beneficia aos que o fan mal.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Rodríguez Suárez que os beneficiarios son os concellos que solicitaron axuda ao INORDE, todos os que a solicitaron, e pídelles que se coñece algún concello que solicitase axuda para esta finalidade e non fora atendido, que llo diga. Dille ao Sr. Gómez Pérez que esta é a primeira modificación das bases de execución do orzamento do INORDE que se fai, e subliña que se modifican as bases unicamente, sen incrementar o gasto, e que a modificación de créditos vai no punto seguinte da orde do día. Engade que os concellos son soberanos, e o concello de Melón fixo esta petición, e pregúntase se é que non se pode atender porque ao Sr. Gómez Pérez non lle gusta a finalidade, e afirma que se hai outro concello, da cor que sexa, que pide axuda para esta finalidade, será atendido, sempre que haxa dispoñibilidade económica nos orzamentos do INORDE. Pide, por isto, que non se afirme demagoxicamente que son subvencións para o PP, porque foron atendidos todos os concellos que fixeron solicitudes, e por esa razón se trae isto aquí, para ratificar o xa acordado polo Consello Reitor do INORDE.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que vai responder á pregunta do Sr. Fernández con outra pregunta, e concretamente pregunta se dende o INORDE se fixo algún tipo de comunicación aos concellos da provincia na que informasen de que o INORDE ía subvencionar este tipo de actuacións e se convidase aos concellos a formular as súas solicitudes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dille ao Sr. Fernández que, dende o respecto absoluto cara á súa persoa, el non ven aquí a que insulten a súa intelixencia ou a que lle tomen o pelo. Di que sa sabe que a modificación de créditos vai no punto seguinte, pero el falaba en conxunto de ámbolos dous expedientes, e faille unha pregunta: ¿é o INORDE un *chiringuito* ou non o é? Porque o Sr. Fernández antes dicía que si o era, ou cando menos asentía, porque cando fixeron dimitir ao anterior presidente non saíron na súa defensa, e lembra incluso algún debate dos orzamentos no que ao Sr. Fernández lle pegaba a risa. Pide que non lle chame demagogo e pregunta se os concellos de Cea, Pontedeva, Vilamarín, A Peroxa, Oímbra e Melón son do PP ou si é que son da Falange. Pregunta ademais se hai peticións por escrito para estas axudas, e sobre todo no caso do concello de Melón, e non é que non lle guste a el o concello do Melón, e que é aos xulgados aos que non lles gusta a actuación deste concello, cun alcalde inhabilitado e unha alcaldesa que vai polo mesmo camiño, cun Plan Xeral que tumbou a Xustiza e que agora están amparando dende o INORDE cunha liña de subvencións ilegal dende o seu punto de vista. Di que daría a razón ao Sr. Fernández se dende o INORDE se chamase aos concellos que tivesen problemas cos seus plans xerais ou parciais para ofrecerlles axuda, pero ninguén os chamou, que el saiba, e ademais a ninguén se lle ocorre vir aquí a solicitar cousas que non son competencia desta institución, e insiste en que os concellos teñen subvencións ao 100 % para facer plans xerais. Por tanto, non é que non lle guste a el particularmente isto, é que ao mellor hai unha razón pola que se da esta axuda a Melón, porque ao mellor algo se fixo mal e agora ímolo pagar dende o INORDE, e advírtelle que van ver o que asinou, porque o responsable e el, como presidente dese organismo. Por tanto, pide que non o acusen de demagoxia, porque o que sucede é que isto non se pode facer, e si se quere axudar aos concellos con problemas, o que hai que facer é abrir unha liña de axudas igual para todos, e non facer cacicadas como esta, porque isto é ilegal ao xuízo do seu grupo.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, dirixíndose ao Sr. Rodríguez Suárez dille que agora cambiou o seu discurso, e xa non se trata de que se subvencionen concellos do PP, senón de que non se abriu unha liña de subvencións, e pregúntase se é que non se sabe cal é a función do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico. Dirixíndose a don José Ignacio Gómez Pérez, insiste en que os concellos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

beneficiarios son todos os que solicitaron a axuda do INORDE. En relación co concello de Melón, di que o INORDE esixirá que se destine a subvención para o PXOM, o que quere dicir que a ese concello non lle deron o 100 %. Di que con esta modificación das bases do que se trata é de solucionar as necesidades dos concellos, cumprindo as finalidades do INORDE.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8), Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), (incluídos os votos das deputadas ausentes) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación n.º 1/2016 das bases de execución do orzamento do INORDE para o exercicio 2016, para a previsión, con cargo á aplicación orzamentaria 422.11/462.01 “a concellos, subvencións nominativas”, de subvencións nominativas ás seguintes entidades para o concepto e polo importe que se detallan:

Número	Beneficiario	Finalidade	Importe
1	Concello de Cea	Redacción PE 2ª fase	50.000 €
2	Concello de Pontedevea	Redacción Plan Parcial	36.775 €
3	Concello de Vilamarín	Redacción PE	100.000 €
4	Concello da Peroxa	Redacción proxecto PE	40.000 €
5	Concello de Oímbra	Redacción PE	79.000 €
6	Concello de Melón	PXOM	50.000 €
TOTAL			355.775 €

As actuacións números 1, 2, 3, 4 e 5 serán realizadas polo propio INORDE nos termos que recollan os convenios de colaboración que se subscriban con cada concello.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 2/2016, DO ORZAMENTO DO INORDE.-

A Sra. Interventora expón o contido do expediente, que foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que en resposta á pregunta que lle fixo o Sr. Fernández, non sabe se os concellos o saben, pero esta vendo na páxina web do INORDE que este se centra nas seguintes actividades: proxectos da UE, cooperación internacional e interrexional cos Estados membros da UE, xestión de actividades turísticas, apoio ao sector agrícola, gandeiro e forestal da provincia, programas de recuperación de razas autóctonas, cooperación con cámaras de comercio, asociacións de empresarios e universidades, cooperación coas empresas de Ourense para promoción dos produtos locais, realización de estudos e análises da provincia. Non ve por ningures os PXOM's ou a redacción de plans parciais. Anuncia que o seu voto será en contra.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo vai pedir un informe a Secretaría, porque por moito que se explique non comparten esta cuestión, e o problema non é o concello de Melón, nin o da Peroxa, nin o de Petín nin o de Ribadavia, o problema é a Lei, e se algún concello non pediu o 100 % é problema deles e da ineficacia do seu alcalde. Porque o que non pode ser é que non se pida a subvención ou se pida e non se conceda porque se fixeron mal as cousas (porque aos demais concellos se lle concedeu) e logo se vaia á Deputación ou ao INORDE a pedir a subvención. Di que o que argumenta o Sr. Fernández non é normal, e reitera que o INORDE é un *chiringuito*, é máis que un *chiringuito*, agora é un *chiringuito* con cadeiras, mesas e xoubas á brasa, e xa está ben. Di que os que estamos no goberno, ás veces, cometemos erros, e que a el lle pasa, e que cando ven a oposición e lles bota o touro, o que corresponde é calar ou revisar o que se fixo, pero o que non cabe é vir por enriba, como neste caso, acusando á oposición de non saber o que é o INORDE, porque o que non o sabe é o que asina. Se di que o INORDE é para o desenvolvemento da provincia, e pon como exemplo un gasto deste organismo para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

“adquisición de túnel inchable para promoción de produtos da provincia”, e di que xa sabemos para que serve o INORDE, para facer este tipo de cousas. Reitera que pedirán un informe a Secretaría, porque consideran que as subvencións previstas son ilegais.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, di que o Sr. Gómez Pérez acaba de dicir que o problema non é o concello de Melón, pero foi el o que o mencionou. Di que esta, a diferenza da anterior, é unha modificación cuantitativa, e que o deputado do Grupo Socialista, don Vicente Gómez García, pediu na comisión unha serie de aclaracións sobre o destino das partidas e cre que se lle remitiu onte, e polo tanto está todo claro e nítido. Dirixíndose ao Sr. Rodríguez Suárez, dille que a finalidade do INORDE é fomentar o desenvolvemento económico, e aínda que na páxina web non se poña textualmente “parque empresarial” non cabe dúbida de que a aprobación dos plans para os parques empresariais contribúen ao desenvolvemento económico, e iso deberían sabelo, como deberían saber que o INORDE está a disposición de tódolos concellos da provincia para atender as súas necesidades cando encaixen cos obxectivos do INORDE.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto cuarto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8), Democracia Ourenzana (1) e do BNG (1) (incluídos os votos das deputadas ausentes), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos n.º 2/2016 do orzamento do INORDE, para o exercicio 2016, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

PARTIDA	EXPRESIÓN	IMPORTE €
42211/212.00	Reparación de edificios e outras construcións.	15.000,00 €
42211/227.10	Gastos diversos en feiras e exposicións.	25.000,00 €
42211/626.00	Investimentos reais en equipos para proceso da información	8.000,00 €
42211/622.00	Investimentos reais en edificios e outras construcións.	220.000,00 €
SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		268.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

PARTIDA	EXPRESIÓN	IMPORTE €
42211/207.00	Prestación de servizos a Inorde.	70.000,00 €
42211/226.19	Actividades turísticas Xeodestino 12	18.750,00 €
42211/623.00	Maquinaria, instalacións técnicas e ferramentas.	43.000,00 €
42211/625.00	Mobiliario	2.500,00 €
SUMA CRÉDITOS EXTRORDINARIOS		134.250,00 €

RESUMO

Suma suplementos de crédito.....	268.000,00 €
Suma concesión de créditos extraordinarios.....	134.250,00 €
TOTAL.....	402.250,00 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	402.250,00 €
--	---------------------

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DAS DEFICIENCIAS NA A-52.-

O Sr. Presidente cédelle a palabra ao BNG para que defenda o contido da moción, que foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que esta moción xa se trouxera ao Pleno ordinario anterior, pero non e admitiu a súa urxencia, polo que non se tratou, adiando un mes o tratamento dun asunto que consideran ten cada vez maior urxencia e pode ser beneficioso para os cidadáns da provincia. Da lectura á exposición de motivos da moción, nos seguintes termos: *“A autovía das Rías Baixas (A-52), que enlaza as cidades galegas de Vigo e Ourense coa meseta, á altura de Benavente, ata desembocar na N-VI, presenta un estado de deterioro cada vez máis patente, con múltiples deficiencias e insuficiencias de equipamento.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

*Unhas carencias que teñen relación directa coa política de recortes orzamentarios e cos nulos investimentos que o Estado dedica a conservación das infraestruturas galegas. Nun momento no que estamos a falar da importancia das comunicacións, de que o AVE vai ser a panacea para o desenvolvemento socioeconómico da nosa provincia, iso si, sen especificar como vai chegar e cando, a máis importante vía de penetración que é a A-52 presenta un estado lamentábel converténdoa na vía de alta capacidade en peor estado do Estado. As deficiencias que presenta esta autovía son múltiples e variadas: parcheados que presentan gretas; tramos con gretas sen parchear; enlaces que carecen de iluminación; deficiente sinalización con outras vías de conexión, ademais da inexistencia de elementos obrigatorios, tal e como establecen as normas de tráfico como son as liñas continuas e discontinuas da calzada, que actualmente están borradas, o que obriga aos usuarios e usuarias a circular por unha vía cuxos carrís non están delimitados en numerosos tramos, co conseguinte perigo de seguridade viaria que isto supón. Esta reclamación non é nova. O BNG xa formulou sendas propostas, neste organismo Provincial a través dunha Moción presentada no Pleno de data 22 de decembro de 2000, así como no Senado no ano 2010, na que esiximos de Fomento que o Goberno executara un proxecto de mellora e acondicionamento de todos os tramos da A-52 que se atopan en mal estado a su paso por la provincia de Ourense, actuando de forma específica sobre os taludes para evitar desprendementos. Por todo o anterior exposto, o Grupo Provincial do BNG solicita do Pleno da Deputación a adopción do seguinte **acordo**: A Deputación require do Ministerio de Fomento que corrixa as carencias e deficiencias que presenta a autovía A-52 e en consecuencia a que dote orzamentariamente partidas que permitan facer un mantemento periódico e nas debidas condicións da autovía”.*

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que coinciden co BNG na valoración do estado da autoestrada e en que hai que pedir a Fomento que faga esas melloras, porque é de sentido común, sobre todo facendo a comparativa que se fai co AVE, e se as comunicacións son fundamentais para o desenvolvemento económico e social da provincia, non pode ser doutra maneira. Anuncia o seu voto a favor.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo do BNG, di que comparten o espírito da moción, e piden que se faga chegar ao Ministerio a pregunta de se teñen unha data concreta de cando van rematar as obras que teñen cortada a autoestrada precisamente no municipio de Melón, porque isto, e máis nestas datas, é un problema.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a realidade da intensidade do tráfico na A-52 é unha realidade, tanto en vehículos lixeiros como en pesados, e isto leva consigo que o seu deterioro sexa inevitable polo uso e pola climatoloxía. Cóntalles que de todo isto é consciente o Goberno de España, e así se lles fai saber, que co obxectivo de corrixir esta situación está a dar os pasos necesarios, que espera se continúen de inmediato. Neste senso, esta a piques de comezar unha actuación integral no firme prevista para o mes de xullo, entre os puntos quilométricos 112 e 138, cun investimento total de 6 millóns de euros, na zona de A Canda. Asemade, proximamente se licitará outra actuación entre os quilómetros 176 e 199 cun investimento de 600.000 euros, na zona de Viladerrei, Xinzo e Sandiás. A isto hai que engadir actuacións nas zonas de A Gudiña e Allariz por importe de 200.000 euros, e polo tanto, aínda considerando que a moción do BNG tenta un impulso a actuacións que o Goberno xa ten previstas, aínda que non sexan suficientes (pero si importantes) e que non deixa de ser unha iniciativa extemporánea tamén (porque vai por detrás das actuacións acaba de comentar) anuncia o voto a favor do seu grupo, dado o espírito positivo que anima a moción. Para rematar, e dirixíndose ao Sr. Pérez Jácome, pídelle que non lle compare un contrato menor de obra co problema da estrada de San Vicente de Leira, en Vilamartín, onde levamos anos de percorrido estudando unha solución e onde se fala dun investimento que podería chegar aos 13 ou 14 millóns de euros; pídelle ademais que deixe de utilizar con tanta alegría a palabra “roubar”.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, agradece o apoio de tódolos grupos, porque se trata dunha moción construtiva que cren redundará en beneficio de tódolos cidadáns de Ourense. Agradece tamén os datos facilitados polo Sr. Álvarez Dobaño, e xa se verá en que se concretan estas actuacións que se anuncian, porque o seu grupo entende que o que facía falla era unha actuación integral, non parchados selectivos como se están a facer agora mesmo, como sucede no tramo de Xinzo a Ourense, onde se están a aplicar parches sobre parches preexistentes. Informa ao portavoz do Grupo Socialista que semella que onte se restableceu a circulación no tramo de Melón ao que facía referencia, ou cando menos iso foi o que saíu nos medios de comunicación. Entenden que a A-52 é un nó fundamental de comunicación, porque é a saída natural do sur de Galicia, enlazando portos como o de Vigo e zonas industriais, e iso vese no importante tráfico que soporta. Agradece de novo o apoio da moción, e agarda que grazas a ela se dote a esta vía da calidade construtiva e de seguridade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

que precisa e merece.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, abonda no xa dito na primeira intervención, e engade que xa que nos diriximos a Fomento ao mellor convida pedirlle tamén que engadira a sinalización turística cos recursos da Comunidade Autónoma, porque se pode percorrer a A – 52 en Galicia e ata Vigo sen que apareza a sinalización que tanto vemos en países como Alemaña ou Francia ou mesmo Portugal, que indican os monumentos e recursos turísticos da Comunidade, porque a autovía pode ser un importante recurso turístico.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, agradece a información facilitada polo portavoz do BNG, e di que supón que o farían pola noite, porque onte pola tarde aínda esta pechado o tramo.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

Non se producen máis intervencións e o presidente somete a votación a moción, e por unanimidade (incluídos os votos das deputadas ausentes), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- A Deputación require do Ministerio de Fomento que corrixa as carencias e deficiencias que presenta a autovía A-52 e en consecuencia a que dote orzamentariamente partidas que permitan facer un mantemento periódico e nas debidas condicións da autovía.

6º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA ESPECIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO “PISCINA TERMAL DE LAIAS”

O Sr. Secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que para o BNG, por máis que se pretenda recubrir con aparencia de legalidade, a aprobación deste expediente é un absoluto escándalo, porque investimos unha cantidade importante de diñeiro público nunha instalación, previamente xustificamos tecnicamente a súa idoneidade e logo dámoslle anos a unha empresa privada (Caldaria) para que a xestione e nos devolva

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

o investido, iso si en cómodos prazos, vinte e cinco anos, e así calquera fai negocio. Esta empresa pertence á Fundación San Rosendo, coa que esta Deputación ten un vínculo histórico, e á que o baltarismo, primeiro o pai e agora o fillo, levan dado diñeiro a esportas, primeiro para a construción de residencias da terceira idade, e agora para sanear os balances contables mediante o pago de estadias nos distintos balnearios que teñen na provincia ou como hai poucos meses para algo tan xenérico como acción social. Non é de estrañar este comportamento co segundo piar desta estrutura que o baltarismo ten montada na provincia e que tanta rendibilidade electoral lle leva proporcionado ao Partido Popular. A fórmula escollida para que unha empresa poida xestionar unha infraestrutura pública sen ter que concorrer con outras: a contratación directa, e para que iso que é a todas luces unha cacicada teña aparencia do contrario encargamos un informe a un experto (o mesmo que fai o proxecto) para que nos diga que só nese lugar e en ningún outro se pode construír a piscina, e problema resolto: así salvamos a cuestión legal tendo en conta que as contratacións por este procedemento teñen que ser excepcionais. Di que a argumentación que se emprega para xustificar este procedemento é surrealista. Primeiro, veñen dicindo que o único lugar por razóns "exclusivamente técnicas" onde poder colocar a piscina é xustamente diante do balneario, única e exclusivamente nese lugar, e di que resulta sorprendente que en todo o río resulte que non hai sitio mellor, por exemplo nun encoro, onde as augas están estancadas, e non no río onde hai corrente. Dicar que única e exclusivamente pode ser nese sitio exacto é moito *columpiarse* por parte do técnico que asina, e Por iso queremos que por parte da Deputación se pida un informe técnico aos técnicos da administración competente en mo seu grupo considera que é necesario que se pedise un informe ao organismo competente en materia de augas, que ademais da necesaria independencia de quen emite os informes ao non estar suxeito a ningunha responsabilidade xerárquica parecería lóxica pensar que é quen máis entende sobre este particular. Polo tanto non se pode tomar ningunha decisión sobre este particular sen que os técnicos da Confederación emitan o pertinente informe que ha de ter en conta aspectos que informe do redactor do proxecto non contempla: profundidade das augas, velocidade da corrente, ventos na zona, enchentas, distancia.....unha serie de parámetros obxectivos que xustifiquen que esa é a única ubicación posible. Porque como di o refrán: branco e en botella... unha vez que xustifican que só hai un sitio onde poder colocar a piscina, é dicir,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

unha vez escollido o modelo, facémoslle o traxe á medida. Deciden facer a piscina e inician o procedemento para adxudicación da obra e da xestión, que aí é onde reside o quid da cuestión. E, casualidades da vida, é xusto neste preciso momento, cando se está a tramitar o expediente da piscina cando alguén cae na conta de que Caldaria ten un dereito termal sobre as augas e polo tanto só eles poden xestionar a piscina, xa que a auga é deles. Pois isto que acabamos de coñecer algúns xa o sabiamos hai tempo, polo tanto de sorpresa nada de nada, porque Caldaria ten o dereito termal sobre as augas de Laias desde 2002, e polo tanto era público e notorio. A maiores, considera que gastarse 400 mil euros (que é a cantidade da poxa efectuada pola empresa gañadora) nunha piscina termal a 10 metros da beira do río, tendo xa Caldaria unha piscina termal en terra ao lado, é como mínimo absurdo. Vendo a complexidade técnica da instalación, o que van facer alí non é unha piscina, senón un jacuzzi un pouco grande, cunha explanada de madeira (que chaman solarío) porque por razóns técnicas tiveron que reducir o tamaño do vaso que estaba previsto no proxecto inicial, e realmente é dificilmente xustificable este investimento, se non fose porque esta decisión obedece unicamente ao obxectivo de beneficiar a unha empresa determinada e a dedo, o que alguén podería chegar a cualificar como prevaricación. Pregúntase canta xente vai poder usar esa piscina simultaneamente, se vinte ou trinta ou cincuenta persoas, e se isto xustifica derrochar esa cantidade de diñeiro público. Comenta que dicir, como dixeron na presentación desta piscina, que ía ser unha obra de referencia internacional como a torre Eiffel en París, é, ademais de delirante e vergoñante, tomarnos por parvos. Pero diso o Sr. Presidente sabe abondo, e a última proba foi a rememoración da inolvidable película de Berlanga, *¡Bienvenido, Mr. Marsall!*, hai poucos días, aínda que neste caso estamos máis preto doutra das obras do director valenciano, titulada *La escopeta nacional*, na que o xenial José Sazatornil, *Saza*, intentaba a toda costa colocar porteiros electrónicos; a diferenza é que aquí en vez de porteiros electrónicos, son piscinas. Polo demais só cambian os personaxes e as localizacións, o resto é cuspidiño. Anuncia o seu voto en contra.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO, comenta ao respecto da intervención do Sr. Álvarez Dobaño nun punto anterior, na que lle pedía que non comparase un contrato menor de obra co problema da estrada de San Vicente de Leira, e di que cando fixo alusión ao problema desa estrada non incorreu na chamada falacia da falsa analoxía, porque o que quería dicir era que tanto lle preocupa a celeridade ao equipo de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016

gobierno non podía ter parado tanto tempo o tema da estrada, se ben é evidente que esa obra non é unha obra menor. No que atinxe ao asunto este de Laias, DO vaise laiar. Di que o que acaba de dicir o voceiro do BNG é perfecto, e o subscriben ao 100 %. Vaise beneficiar a unha empresa concreta, se é que Caldaria é unha empresa ou unha entidade sen ánimo de lucro ou o que é, pero da o mesmo porque tanto a Fundación San Rosendo como todas esas trapalladas o que son é un cancro para a provincia, porque se ben estas entidades que andan a esquilmar os orzamentos públicos son fundacións sen ánimo de lucro (como defendía Urdangarín) tamén son con ánimo de nóminas, é dicir, a fundación non reparte beneficios, pero os teñen os seus provedores, que son amigos nosos e logo xa amañaremos, e ademais nos poñemos unhas nóminas altísimas e xa está, e metemos a xente afín en nómina para que despois funcionen como un exército electoral e todo iso. Non se pode favorecer con diñeiro público a unha empresa coa escusa de que se vai favorecer o desenvolvemento da provincia, porque con esa escusa habería que financiar a todas as demais, e non está de acordo co argumento de que con ese gasto vai vir moita xente á provincia e haberá un retorno, e lembra a recente polémica sobre o Club Ourense Baloncesto, na que se dicía que había que financiar ao COB para que viñese xente de toda España aos bares de Ourense, e como lle comentaba un rapaz o outro día, para iso era mellor gastar o diñeiro que se lle pensaba dar ao COB, un millón e medio de euros, e dar caviar gratis nos bares, e seguro que viña moitísima xente de toda España. E isto é o que sucede co tema este de Laias, porque se manda todo a Laias, a Volta, as subvencións ás estancias nos balnearios e agora a maiores ímoslle montar a instalación da piscina, e dille que pare xa, porque iso desvirtúa a competencia e ademais non pode ser que vaia todo para un pobo, cando en Ourense cidade, que ten as temperaturas máis altas de todo o noroeste peninsular, temos as mesmas piscinas públicas que hai cincuenta anos, e incluso menos porque en Oira se privatizou a grande e quedamos con dúas pequeniñas, e o lóxico sería investir en Ourense cidade que é onde hai 100.000 persoas, e non mandar todo o investimento a Laias para beneficiar a unha empresa concreta. Di que non entende cousas como iso que se di no tema do termalismo de que hai que subvencionar a algunha empresa para que faga un hotel de cinco estrelas aquí en Ourense, porque non hai que subvencionar ás empresas para que monten negocios, pois se é bo negocio non precisa subvención e se é mal negocio non debe montarse. Di que o Sr. Presidente é un mentirán patolóxico, ademais dun megalómano, porque en relación co tema

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

da Volta, que estivo catro días na provincia, algo que nunca sucedeu na historia des competición, cando lle preguntaron canto custaba iso e qué administracións estaban involucradas, contestou que a única administración pública involucrada era a Deputación e que custara 200.000 euros, cando a realidade é que a Xunta de Galicia investiu moito máis (porque senón sería imposible traer a Volta aquí catro días por ese prezo) e o problema é que ao facer ese esforzo a Xunta perdéronse investimentos doutro tipo na provincia.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que aquí hai varias cousas que analizar, e que comparte a exposición efectuada polo voceiro do BNG sobre o procedemento de adxudicación seguido, porque ese procedemento suscita moitas dúbidas, que se ven incrementadas cando o seu grupo pide documentación e se lle entrega esa documentación. Di que antes o Sr. Álvarez Dobaño dicía algo que pode compartir, que é certo que dende o punto de vista técnico o departamento de contratación da Deputación ten un merecido recoñecemento, e hai xente aí que fai moi ben o seu traballo, pero outra cousa son as directrices políticas que poidan existir para determinadas cousas, e aí ven o quid da cuestión, e por iso non vai abondar no que xa dixo o Sr. Rodríguez Suárez e apuntaba o Sr. Pérez Jácome, porque claro que os técnicos da Deputación son bos e fan ben os pregos e demais, pero o que chama a atención é que cando hai directrices nun asunto que, cando menos, soa raro, se piden informes externos que avalen esta cuestión; e nese informe externo se din cousas cando menos curiosas, como que o fluxo laminar da corrente non debe ter unha oscilación maior de 1 m por segundo, e os que coñecemos ese río, nese tramo, sabemos que non se caracteriza precisamente por ter un comportamento normal, e cando veña unha avenida grande xa veremos que pasa, e só hai que ver o que sucede en instalacións como o campo de fútbol de Barbantes, e máxime cunha piscina flotante, nunha zona que de albergada e protexida, cero, porque está nunha das zonas máis abertas que hai no río Miño. Pero, sen entrar nestas consideracións técnicas, que están feitas *ad hoc*, o seu grupo pediu outra cousa, que é que se faga un informe polos propios técnicos da Deputación no que se determine se non hai outro lugar onde se poida acometer esa obra, e a ver se o Sr. Presidente o fai e deixa de laminar, cando non interesa, a eses técnicos tan bos que temos na casa, porque a verdade é que iso é o que se fai cando non convén. Hai outra cuestión que é o Plan Termal, e nesta cuestión non está de acordo co Sr. Pérez Jácome en que sexa un *bluff* o termalismo, pero o que si é un *bluff* é o Plan Termal da Deputación,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016

porque é o Plan Termal de Caldaria, e pide que alguén lle explique como é que Baños de Molgas non está nese plan termal, ou como é que o balneario de Prexigueiros (Ribadavia) con 60.000 persoas todos os anos, non está tampouco nese plan, e que non lle digan que é que ese balneario está en mans dunha empresa privada, porque Caldaria tamén o é, agás cando ten perdas, que temos que pagarllas dende a Deputación. Di que isto é dunha falla total de vergoña, e non ten nada en contra do concello de Cenlle, que ten unha riqueza termal que debe ser apoiada, pero non é o único en ter esa riqueza. Outra cuestión é o prazo de xestión da piscina que se lle quere dar a Caldaria, vinte e cinco anos, co que o prezo da obra se devolve de aquela maneira, e outra cousa é cantas persoas van entrar alí, e a qué prezos, como lle comentaba o outro día un empresario do sector (que por certo están que fuman en pipa, porque como di algún, o que arrisca dous ou tres millóns de euros do seu peto non durme de noite, pero os da Fundación San Rosendo dormen de noite tan tranquilos, porque saben que imos vir nós a salvarlles os mobles). Di que o da Volta ciclista é outro exemplo de financiamento a Caldaria, e aproveita para explicar por qué non acudiu o outro día a unha reunión sobre o tema da Volta, como se dixo nunha nota de prensa remitida dende a Deputación. Di que cando se inicia o tema da Volta, unha persoa da Xunta de Galicia dirixiuse a el como alcalde para dicirlle que unha etapa da Volta que discorre pola comarca do Ribeiro tiña que pasar por Ribadavia, como mínimo, e pediuse axuda para que a presentación fose no castelo de Ribadavia (aínda que saíse de Arnoia) porque é a capital da comarca, e dende logo é un entorno estupendo que ninguén vai discutir; e por lealdade institucional non o dixo publicamente, e só tempo despois llo dixo aos portavoces dos grupos municipais cando se empezou a insinuar que a Volta ía saír dende un balneario, e resultou ao fin que a presentación se fixo nun balneario (o de Arnoia) e a saída dende outro (o de Laias). O que está a facerse dende a Deputación é financiar unha empresa privada, esa é a realidade, e agora aínda por riba lles din aos alcaldes que non acudiron a esta tomadura de pelo que non acoden ás reunións. Di que por lealdade institucional non vai dicir qué persoa da Xunta falou con el, pero engade que esa persoa lle dixo que falase este asunto co presidente da Deputación, que era o que decidía porque era o que pagaba, e o que paga, manda, pero claro, paga para que Caldaria faga negocio, e engade que hai empresas nesta provincia que fan o seu traballo mellor que Caldaria, e con isto non quere dicir que Caldaria non o faga ben, pero claro, é moito máis doado facelo cos cartos dos outros e non

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

arriscar nada. Pregúntase se os deputados do PP saben canta xente vai ás instalacións termais de Caldaria, e son unhas 8.000 persoas ao ano, cando hai empresas nesta provincia que teñen 60.000, e non entran dentro do Plan Termal, e esa é a diferenza, mentres o PP alardea de bo goberno. Reclaman que o Plan Termal non pode ser o plan de Caldaria nin de ningunha empresa en concreto, ten que ser un plan para todas as explotacións termais que temos na provincia, con independencia de que estean nun municipio ou noutro, e polo tanto este é un expediente que cando menos renxe, e como renxe, solicitan que se fagan os informes técnicos dende a propia institución.

Dona Ana María Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular, di que estamos a falar da que será a única piscina flotante no mundo con auga termal, porque piscinas flotantes hai en varios sitios, pero a única con auga termal estará na nosa provincia, en Laias, municipio de Cenlle. En canto á súa localización, ademais de ser a mellor segundo os informes técnicos, é a que está reflectida no Plan de Turismo Termal para a provincia de Ourense, un plan que, por certo, foi presentado no mes de febreiro do ano 2014 no Teatro Principal desta cidade, e dende aquela ningún grupo fixo ningunha referencia a este aspecto. Explica que dentro das liñas estratéxicas do Plan Termal están as infraestruturas termais, sendo unha das accións previstas a piscina flotante termal en Laias. Di que o informe técnico obrante no expediente non só di que Laias é o lugar idóneo, senón o único que cumpre cos sete requisitos que aparecen reflectidos no informe, que enumera, e que son que o río debe presentar un fluxo laminar cunha velocidade de corrente máxima, que a instalación debe estar situada nunha zona ao abrigo das correntes do río, que o rango de variación do nivel da auga só pode ser duns poucos metros, que a canle non pode quedar en seco, máis que en situacións de excepcionalidade, que o recurso termal estea situado na orella, para prover a auga termal necesaria, que o acceso termal e peonil quede garantido sen necesidade de afectar ao entorno natural coa apertura de novos viarios e a roza da ribeira, e por último, que exista unha instalación termal xa autorizada no entorno inmediato para dar soporte á piscina termal e aos seus usuarios. Dille ao Sr. Gómez Pérez que o informe aos técnicos da Deputación está solicitado, e en canto se dispoña del se fará público, e pídelo que non faga demagogia porque no Plan Termal están incluídas todas as vilas termais da provincia de Ourense. Di que para que a piscina sexa termal se precisa o recurso de auga mineiro – medicinal, e Caldaria é a titular da autorización do aproveitamento das augas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

procedentes do manancial de Laias. Dille ao Sr. Rodríguez Suárez que a Confederación Hidrográfica está decatada dende o minuto un deste proxecto, e a favor del. Remata dicindo que o obxectivo do equipo de goberno e traballar a favor de Ourense como destino termal, e cre que coa instalación desta piscina contribuiremos a potenciar o turismo termal nesta provincia.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que o seu grupo considera importante que se emita un informe da Confederación, para que un informe externo dun organismo oficial non dependente da Deputación avale que o único emprazamento posible é o de Laias, e cren que a Confederación Hidrográfica é o organismo idóneo para informar desta cuestión; e se non hai ningún problema, e se o informe técnico que obra no expediente é correcto, pregúntase qué problema pode haber en pedir ese informe. En canto ao que se falaba do Plan Termal, efectivamente non se entende como é que hai municipios que quedan fóra, como o caso amentado de Baños de Molgas ou o propio municipio de Castrelo de Miño, que solicitou reiteradas veces a esta institución seren incluído e polo de agora non obtivo resposta. Para rematar, di que o que se fai neste expediente é algo que se ten feito outras veces, se reviste de legalidade o expediente pero a calquera que se lle explique ve que estamos diante dun traxe feito a medida cun obxectivo claro de beneficiar a unha empresa, que ademais non é a primeira vez que se ve beneficiada por esta casa. Reitera que votarán en contra, porque isto é unha cacicada e, como dixo na súa anterior intervención, non sabe ata que punto non se estará rozando ou traspasando a raia da prevaricación, e insiste en que se pida o informe á Confederación, para que así tódalas dúbidas queden aclaradas.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO, di que o Grupo Popular se apoia nun informe técnico redactado polo mesmo técnico que fixo o proxecto, e iso é como poñer ao raposo a coidar das galiñas, porque non é que desconfíe só el neste asunto, é que desconfía o mercado, e por iso cando se vai mercar un piso a taxación non a fai a construtora, senón un taxador independente; e aquí, en cambio, se nos ven cun informe técnico do autor do proxecto, obviamente interesado, no que se fala deses sete requisitos (por certo, o número máxico do Sr. Presidente) tentando que nolo traguemos. Di que isto lle lembra o asunto do Club Ourense Baloncesto, no que tamén había un informe no que se dicía que a participación do COB na ACB era rendible para a provincia de Ourense, porque

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

xeraba 11 millóns de euros, e comenta que el consultou este tema cun doutor en economía e profesor universitario lle dixo que por dous mil euros el podería facer un informe dicindo todo o contrario, co que isto dos informes non é serio (comenta, de paso, que o Sr. Presidente, nese asunto do COB, dixo que agardaba a ver cánto ía dar o concello de Ourense para dicir o que daría a Deputación, e pregúntase se é que o Sr. Presidente non ten personalidade por si mesmo para dicir canto está disposto a dar, sen agardar ao que diga o Concello). Di que o de que a Volta ciclista saia dun balneario e como se saíse en Ourense dende as galerías centrais, é realmente un *cachondeo*. Con respecto ao manifestado pola voceira do Grupo Popular en canto a que é a primeira piscina termal flotante do mundo, dille que se é unha cousa tan bestial e tan espectacular, pois que a paguen os do hotel, e pregúntase por qué hai que pagala con diñeiro público, e si acaso é que os hoteis non invisten en instalacións propias, porque é o colmo que ao final se vaiamos pagar con cartos públicos os jacuzzis aos dun hotel privado, e engade que iso é o que é termalismo: jacuzzis, non é outra cousa, porque en DO non cren no *magical thinking*, no pensamento máxico e no *rollo* esotérico de que as augas termais teñen propiedades curativas, é auga quente, auga fervendo, e nada máis. Dille ao Sr. Presidente que ten que ausentarse agora da sesión porque os acaban de chamar dunha televisión para unha reportaxe sobre o escándalo seu, e pide que non lle pareza mal que se ausente, porque o fai por un asunto seu, do Sr. Presidente.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que ao parecer el fai demagogia porque dixo que non estaban incluídas no Plan Termal tódalas vilas termais da provincia, e di que vai falar cos de Prexigueiro e os de Baños de Molgas a ver se é que lle están a enganar, e pregúntalle á Sra. Villarino Pardo se lle pode contestar á pregunta de si están incluídos ese balnearios, preguntándolle tamén se o autor do informe que obra no expediente e o autor do proxecto son mesma persoa. Pregúntalle tamén, se é que os técnicos da casa van facer un informe ao respecto, por qué non o fixeron antes, porque o certo é que os técnicos desta casa coñecen esta provincia mellor que ninguén. Di que no Grupo Popular son moi ousados, e pregúntase se leron un apartado do informe onde se di que o tramo do río non debe quedar en seco máis que excepcionalmente (engadindo que non cre que ao Presidente lle preocupe isto, porque tanto lle da que a piscina sexa flotante ou que estea suspendida con gatos hidráulicos, porque ao Sr. Presidente o que lle

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

preocupa son outras cousas) preguntándose ademais se viron como vai o río nese tramo nos meses de xullo e agosto e cómo se vai manter alí unha piscina flotante, porque será máis ben unha piscina subterránea, e di que cre que os do PP non pasan habitualmente por alí. Di tamén que non estaría de máis que se pedise un informe a Medio Rural, porque nesa zona e nestas datas é frecuente ver aos hidroavións de extinción de incendios baixar ao río a cargar auga, precisamente porque é a zona máis aberta do río, e sen dúbida, será a piscina máis flotante máis importante do mundo, porque cando alguén que se estea bañando alí vexa como lle pasa un hidroavión por riba da cabeza vaille dar á risa.

Dona Ana María Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular, repítelle ao Sr. Rodríguez Suárez que a Confederación Hidrográfica é coñecedora dende o minuto un deste proxecto e está a favor da súa execución. Dille ao Sr. Pérez Jácome que o informe aos técnicos desta casa está solicitado, e en canto se emita será coñecido por todos, e que non se preocupe porque Caldaria devolverá todos e cada un dos euros que esta Deputación invista alí, e que por máis que repita que o termalismo é un *bluff*, o seu grupo seguirá a traballar porque Ourense sexa unha provincia termal. Dirixíndose ao Sr. Gómez Pérez, dille que o Plan Termal para nada é excluín-te, e están incluídas tódalas vilas termais da nosa provincia.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8), Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), (incluídos os votos das deputadas ausentes) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente elaborado para a contratación administrativa especial para a prestación do servizo denominado “piscina flotante de auga termal no río Miño”, en Laias, termo municipal de Cenlle (Ourense)

2º.- Dispoñer a apertura da fase de adxudicación, mediante procedemento negociado sen promover concorrencia na oferta (*artigo 170 d) do TRLCSP, artigo 32.2 b) iii da Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo sobre contratación pública e memoria xustificativa da Presidencia de data 26.05.2016*) e en trámite ordinario (*artigos 109 e 110 do TRLCSP*).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

3º.- Delegar na Xunta de Goberno todos os acordos necesarios para a adxudicación do presente contrato, de acordo coas previsións do *artigo 33.4 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do réxime local e apartado segundo da Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*

7º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A INSTALACIÓN DE DESFIBRILADORES, ADQUIRINDO OURENSE O STATUS DE “PROVINCIA CARDIOPROTEXIDA”.-

O Sr. presidente cédelle a palabra a don Rosendo L. Fernandez Fernández para que actúe como portavoz do Grupo Popular neste asunto, defendendo o contido da moción, que foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, di que imso falar de saúde pública, e como o Sr. Pérez Jácome se vai e antes dixo que o Sr. Fernández non sabía inglés, vaille dicir unha frase en latín, porque imos falar de *vita, vitae*, imos falar de vida, e pide que se queden con esa sentenza. Di que a aparición dun paro cardíaco repentino e súbito non se pode evitar, pero as súas consecuencias si, en boa medida coa utilización de desfibriladores en lugares públicos. Di que unha das palabras clave que sempre repite o Sr. Presidente é a de cooperación, e neste caso deso se trata, de cooperación cos concellos para a instalación destes desfibriladores. Di que no noso país, aproximadamente cada vinte minutos, prodúcese unha parada cardíaca, e este tipo de patoloxía representa un problema de saúde pública de primeira magnitude, e a experiencia acumulada nas unidades de coidados intensivos demostra que a efectividade da desfibrilación temperá na recuperación dun ritmo cardíaco eficaz alcanza o 90 % cando sexa posible efectuala no primeiro minuto de evolución trala parada cardíaca, e así sucesivamente, sendo inversamente proporcional ao tempo transcorrido, e con isto abondaría para defender que a instalación de desfibriladores é unha tarefa básica e imprescindible. Di que Deputación de Ourense na súa condición de goberno provincial que asesora técnica, económica e xuridicamente aos concellos da provincia, pode formular un plan de cooperación cos concellos para axudalos na adquisición de desfibriladores, e que a axuda da Deputación consistiría , como mínimo, nun 50 % do prezo do desfibrilador, procurando a formación específica necesaria para o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

manexo dos aparellos. Con isto, mediante este programa de cooperación, a provincia de Ourense acadaría o estatus de provincia cardioprotexida, en coherencia coa visión integral do noso territorio que defende esta Deputación. Di que a Deputación leva facendo cursos básicos de oito horas dende o 2007, porque dende o 2007 esta Deputación ten instalados desfibriladores en todos os seus edificios, e neso somos unha institución modélica que predica co exemplo, detallando que o total de cursos realizados foi de 16 e o total de participantes de 213, e que o curso básico, con 7 cursos realizados, tivo 99 participantes, dos que 60 foron traballadores da Deputación e 39 dos diferentes concellos que quixeron mandar traballadores a facer os cursos, en tanto que se fixeron 9 cursos de actualización, con 114 participantes, 74 da Deputación e 40 dos concellos. Polo tanto, sendo a Deputación Provincial a primeira administración da provincia que implantou equipos DESA nos edificios públicos, agora do que se trata e de que os diferentes concellos da provincia que se queiran adherir a este programa de cooperación o poidan facer, porque realmente os datos do Consello Español de Resucitación Cardiopulmonar falan moi claro: cada ano se rexistran en España 30.000 paradas cardíacas extrahospitalarias, é dicir, unha parada cardíaca cada vinte minutos en España, e esta estatística ven a dicir que se ocasionan por esta causa catro veces máis mortes que por accidentes de tráfico, e se ademais se ten en conta que ocorren en España uns 60.500 infartos de miocardio, que é a causa máis frecuente da parada cardíaca, convirán en que é básica e necesaria a instalación destes aparellos, sendo ademais España un país onde hai un déficit na instalación en lugares públicos destes aparatos.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que concordan ao 100 % cos argumentos que se acaban de expoñer, e van votar a favor desta iniciativa. En todo caso, explica que case tódalas comunidades autónomas recolleron xa na súa normativa os requisitos que debe cumprirse para que o persoal non médico poida utilizar un desfibrilador, e que aínda que hoxe non é obrigatoria a súa instalación, as autoridades sanitarias consideran necesaria a implantación destes equipos, e por iso é tan importante que as administracións públicas faciliten a súa instalación en lugares de uso cotián, como as instalacións deportivas, en boa parte xestionadas polas administracións locais. A importancia do desfibrilador semiautomático é enorme e o seu funcionamento é sinxelo,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

podendo ser utilizado por calquera persoa que reciba unha formación básica impartida por unha entidade cualificada, non sendo necesario que quen utilice o desfibrilador semiautomático sexa médico ou teña unha formación sanitaria. Di que a única pega que se lles pode por a estes equipos é o seu alto prezo, arredor de dous mil euros por unidade, o que fai que moitos concellos teñan verdadeiras dificultades para facerse cos equipos necesarios, en función das súas necesidades e prioridades, e de aí que ao seu grupo lle pareza ben que a Deputación colabore economicamente cos concellos, si ben habería que precisar o alcance da axuda pois a moción resulta bastante imprecisa, ao non acoutar a porcentaxe de participación, pois so fala dun mínimo do 50%, así como o número de aparellos a subvencionar, pois aínda que a presidenta da comisión dixo que sería un máximo dun aparello por concello, parecería lóxico que se tiveran en conta no seu financiamento as características non só de poboación, senón tamén o nivel de infraestruturas que este posúe, o perfil dos usuarios, etcétera. Anuncia o seu voto a favor.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, agradécelle ao Sr. Fernández Fernández que lles lembrese a primeira declinación do latín. Di que DO tamén vai votar a favor, como xa adiantou na comisión, aínda que tamén considera que a proposta é, cando menos, mellorable. Di que segundo dixo a presidenta da comisión, a Sra. Cerdeira Valiñas, en principio o programa está pensado para financiar un desfibrilador por concello, pero os diferentes municipios da provincia son moi diferentes en poboación e no perfil dos seus habitantes, que incide na probabilidade de que poida producirse un ataque cardíaco, segundo a idade, o estrés e outros factores. Quere dicir con isto que no futuro probablemente será mellor particularizar un pouco máis tendo en conta as características concretas como a poboación dos municipios ou a súa idade ou o historial médico típico dos residentes, polo que financiar un desfibrilador por concello é facer *tabula rasa* de todos estes factores. Esta tamén o tema da formación, porque de pouco vale ter o aparato se non se sabe usar, e se nos di que se fomentará esa formación. Lembra que alguén preguntou na comisión qué responsabilidade poderían ter os concellos ao obrigar a determinados funcionarios a facer estes cursos, e isto é unha cuestión delicada, porque, agás o persoal sanitario, o persoal non sanitario que faga estes cursos asume unha responsabilidade forte, e chegado o caso pode haber moitas persoas que se inhiban de realizar o curso ou mesmo de empregar o desfibrilador, porque incluso poden ter responsabilidades legais, e polo tanto

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

hai que fiar moi fino neste asunto. Pregúntalle ao Sr. Fernández Fernández se esta denominación de “provincia cardioprotexida” ten algún significado sanitario, si implica algún tipo de consecuencia práctica no ámbito sanitario (por exemplo, se esixe contar dun determinado número de equipos DESA ou de persoas capacitadas para manexalos) ou si é un mero slogan, porque isto é importante precisalo, dado que si se trata dun slogan pode quedar bonito na prensa pero ao mellor o papel oficial non é o mellor sitio para empregar esa expresión.

Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista, di que como boa galega vai facer uso do refrán que di desconfía e acertarás, porque vendo esta moción semella que primeiro foi o investimento e logo a moción, é dicir, había que facer un gasto nunha empresa que ten desfibriladores e para iso se fixo a moción; ou tamén pode ser que, dado que a Xunta de Galicia mantén unha serie de deficiencias na infraestrutura sanitaria da provincia, se decidise botar unha man dende a Deputación, xa que non chegan os recursos que nos mandan para a provincia. Di que na súa comarca sanitaria só existen desfibriladores en Bande e Celanova, é dicir, onde hai puntos de atención continuada, ou sexa, urxencias, e en Muíños, Lobios, Entrimo, Vereas, Padrenda, Quintela de Leirado, Pontedevas, Cortegadas, Gosende, Ramirás, Cartelle e A Merca, nos centros de saúde non hai ningún desfibrilador. O que se propón é dotar de desfibriladores aos concellos, nos lugares onde hai xente, e se pregunta si é que nos centros de saúde non hai xente, engadindo que dende logo isto é unha deficiencia imputable á Xunta de Galicia. Di que por iso di que cre que primeiro foi o gasto nunha empresa que venda desfibriladores e non razóns sanitarias, porque de ser isto último se tería chegado a un acordo entre a Xunta, a Deputación e o SERGAS para emendar esta deficiencia na sanidade da provincia. Afirmo que en todo caso é imprescindible que se cumpra a normativa estatal e autonómica na materia, e imaxina que se fará. Di que o Sr. Fernández Fernández falou das estatísticas nesta materia, e que como el sabe Ourense é unha provincia cunha poboación envellecida, con persoas con múltiples patoloxías, e probablemente e moitos destes casos, aínda que se aplique o desfibrilador se pode producir unha disociación electromecánica, é dicir, o corazón responde electricamente ao desfibrilador pero o paciente segue inconsciente, co que o aparato non é eficaz. Di que o Grupo Socialista está de acordo en todo aquilo que supoña unha mellora para a saúde dos cidadáns da provincia, e benvido sexa, pero non obstante ven moitas carencias neste asunto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

Consideran que o que se debería facer é unha reunión conxunta con representantes dos concellos e o representante extrahospitalario da Xerencia sanitaria de Ourense para organizar este tema coa Deputación, porque cre que é importante que haxa desfibriladores nos concellos pero tamén que os haxa nos centros de saúde, e poderíase negociar o tema de que o desfibrilador estivese no centro de saúde e, ao ser transportarse, puidese trasladarse fora das dependencias do centro de saúde. Doutra banda, di que o tema da formación é importante, porque don Rosendo Fernández lembrará perfectamente o centro de saúde de A Notaria (en Padrenda) onde había un equipo de cirurxía ambulatoria bastante bo e no que se investiron bastantes cartos, e nunca se puido utilizar porque como no centro de saúde había moita humidade, estaba sempre oxidado, e por iso é o importante o tema de formación, porque pode pasar o mesmo cos desfibriladores, que queden abandonados porque non haxa quen o utilice ou non se lle faga o mantemento. Doutra banda, na moción se fai alusión a distintos conceptos, como o inicio precoz da resucitación cardiopulmonar básica, a desfibrilación temperá e o soporte vital avanzado, e quere dicir que si o paciente sae da desfibrilación, hai que prestarlle o soporte vital avanzado, e iso débese facer por profesionais sanitarios. En suma, pide que este proxecto se leve a cabo en conxunto cos concellos e o SERGAS, e que a formación sexa reiterada, e se repita cada seis meses ou anualmente, e engade que debe haber seis persoas capacitadas para usar cada desfibrilador. Anuncia o voto a favor do seu grupo, con estas observacións, e di que é triste que a Deputación teña que suplir as carencias que en materia de sanidade ten a Xunta de Galicia.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Gil Álvarez, co agarimo que sabe lle profesa, que a verdade é que o seu discurso pon en evidencia á fonte, o Consello Español de Resucitación Cardiopulmonar, e el di que non ningún sabio, e que se limitou a seguir a recomendación que fai este organismo, comentando que a Sra. Gil Álvarez fixo un *totum revolutum* na súa intervención que non acaba de entender, e lembra os datos do documento do Consello Español xa expostos na súa anterior intervención. Con respecto á empresa que vende desfibriladores, pregúntalle que qué lle pasa coa empresa, porque non sabe quen vai subministralos, e iso xa se tratará cando se redacten as bases do programa, o mesmo que sucede coas cuestión que comentaba o Sr. Ojea Bouzo, e lembra que isto só é unha primeira proposta, e esas dúbidas se aclararán no programa. Con respecto ás alusións da Sra. Gil Álvarez á Xunta de Galicia, di que a Xunta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

de Galicia ten un cometido en sanidade, claro que o ten, pero aquí se está falar de espazos públicos municipais, non dos centros de saúde. Di que na súa intervención a Sra. Gil Álvarez falou dunha serie de municipios en cuxos centros de saúde non existen desfibriladores segundo a deputada socialista, e di que no resto non o sabe, pero que dende logo no centro de saúde do municipio de A Merca si hai un desfibrilador, porque el mesmo como médico utilizou ese desfibrilador. Dille á Sra. Gil Álvarez que hai que falar cun pouco de propiedade, e si é posible con menos palabras e en menos tempo, porque non sabe si os que están aquí se desinformaron máis do que se informaron co seu discurso. Engade que a función da Deputación é a que é, colaborar cos concellos que voluntariamente o desexen, porque non se lles vai a obrigar a facelo, para dotalos de desfibriladores que se colocarán nos espazos nos que se considere que hai unha maior concorrencia de persoas, e lembra que non só queremos unha provincia cardioprotexida, porque esta Deputación xa é unha institución cardioprotexida. Pide que non se dubide no tema da formación, porque dende a Deputación levamos formando xente dende o 2007, e xa deu os datos de número de cursos e número de participantes. Dirixíndose ao Sr. Ojea Bouzo, en relación co asunto da obriga de facer os cursos e utilizar os desfibriladores por parte do persoal municipal, di que socorrer ás persoas é unha obriga, e dille que se unha persoa está a carón dun aparato e non sabe utilizalo, chamando ao 061 – e independentemente de que o desfibrilador xa lle vai dando os pasos – xa lle van indicando o que ten que facer, pero hai a obriga de utilizalos, e o que se pretende facer é facilitar a formación, para que os empregados municipais xa saiban utilizalo e non teñan que estar pendentes das instrucións do 061; e as dúbidas de que falaba o Sr. Ojea Bouzo se despearán coa aprobación das bases.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, cre que ás veces se dota a este tipo de debates dunha complexidade que non ten moito sentido e non ven moito ao caso, e entende que a moción vai no senso de dotar aos concellos destes aparatos, e o importante é que o aparato exista, para que calquera que pase por alí poida utilizalo se é mester, con independencia de que se temos unha persoa formada, mellor aínda. Por iso apoian a moción, e unicamente manifestaron as súas dúbidas en canto a que non quedaba moi clara a porcentaxe de cofinanciamento aos concellos e igualmente en canto a que esta sorte de tarifa plana dun desfibrilador por concello, sen atender á realidade específica de cada concello, que ao mellor está ben como primeiro paso, debería repensar en actuacións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

futuras, porque non é o mesmo un concello como Xinzo de Limia e outro como Vilar de Santos, por exemplo, non só en termos de poboación, senón tamén no número de espazos públicos municipais susceptibles da colocación dun destes aparellos.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que claro que é obrigatorio atender en calquera circunstancia, pero dentro do ámbito dos coñecementos de cadaquén, porque tamén hai que ter a responsabilidade de saber ata onde pode chegar un, e moitas veces incluso o mellor que se pode facer é non facer nada. Lembra que cando era rapaz el fixo un curso de primeiros auxilios na Cruz Vermella, no que daquela se chamaba a 33ª Brigada de Socorro, e lle ensinaron unhas cantas cousas, moitas das cales xa esqueceu, e tamén que en moitos casos o que había que facer era estarse quedo, ou actuar en contra do que che di o instinto. Por tanto, claro que estamos obrigados, pero non a ter coñecementos, porque o Sr. Fernández Fernández é médico, pero os demais non o somos, e por iso é tan importante a formación e que as persoas saiban ata onde poden responsablemente manexar estes aparatos. Doutra banda, di que quedou sorprendido coa intervención da deputada socialista, en canto a que haxa centros de saúde na provincia que non dispoñen destes aparatos, porque pensaba que si se vai dotar aos concellos deles é porque os centros de saúde xa dispoñían deses aparatos, e di que unha circunstancia dese tipo pode darse en calquera lugar, e dende logo se el atopase a unha persoa que precisase desa atención onde a levaría sería ao centro de saúde, non se lle ocorrería levala ao concello, polo que ao mellor había que estudar a fórmula para que estivesen nos centros de saúde. Coincide co portavoz do BNG, en canto a que votarán a favor, porque todo o que sexa fomentar a mellora das dotacións sanitarias está, en principio, ben. Di que tamén hai unha cuestión económica da que non se falou, porque algúns concellos poden ter máis dificultades que outros para poder asumir o custe deste aparatos e para poder formar ao seu persoal. Votarán a favor, pois, sempre coa conciencia de que esta proposta é mellorable.

Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista, di que xa ve máis tranquilo a don Rosendo, pero que antes, cando interveu para responderlle, temeu que puidesen chegar a ter que usar o desfibrilador con el, pero que agora xa o ve máis tranquilo e por iso xa está leda. Expón que o que quixo transmitir coa súa intervención anterior é que non poder ser que nos poñamos a repartir desfibriladores entre os concellos para o tema das paradas cardíacas, e que os centros de saúde da nosa provincia (agás os puntos de atención

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

continuada e algún centro de saúde, como o que citada o Sr. Fernández Fernández, que o conseguiu a través dos concellos, non do SERGAS) e disto era do que falaba na súa intervención, da carencia de medios na sanidade ourensá, e di que está de acordo en que se doten de desfibriladores aos concellos, pero tamén en que estes se poidan utilizar nos centros de saúde, como tamén apuntou o voceiro de DO. Quixo tamén poñer de manifesto que os desfibrilador non é a panacea, porque despois de aplicar o desfibrilador tamén ten que existir a reanimación cardiopulmonar avanzada, é dicir, un profesional sanitario administrando medicación, porque si só se actúa co desfibrilador todo pode quedar en nada; insiste tamén en que os desfibriladores son efectivos en persoas novas, pero en persoas anciáns con pluripatoloxías graves non é efectivo, algo que hai que ter en conta cando se ten unha poboación envellecida. Parécelle moi ben que o Sr. Fernández Fernández lea as recomendacións do Consello Español, pero cando eles dous facían gardas médicas xuntos o Sr. Fernández o que facía era turismo rural, porque lle tiña medo a este tipo de intervencións (aínda que ao mellor o que quería era tratar coa xente de toda a provincia para recadar votos). Di e sigue repetindo que está de acordo en que se aprobe esta moción, e que o único que pediu foi que se chegase a un acordo das administracións implicadas para que estes aparatos se puidesen utilizar tamén nos centros de saúde. Remata dicindo que o que lle dixo antes sobre que facía turismo rural nas gardas médicas era unha broma, e que non llo tome a mal.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, di que non sabe que é iso do turismo rural, e que el saía coa ambulancia do 061, precisamente porque estaba ben formado e por iso tiña instrucións da Consellería nese senso, porque cando un sae a atender casos fóra do centro en principio é porque se trata dos pacientes máis graves. Por tanto, o do turismo rural vaino tomar, en efecto, como unha broma. Di que non se pode falar aquí de repartir desfibriladores como si se fose a repartir pan, do que se fala é de instalalos naqueles espazos públicos que os concellos consideren oportunos pola afluencia de xente que rexistran. Pide que non se confunda o que fai a Deputación co que ten que facer a Xunta de Galicia. E por suposto que os desfibriladores non son a panacea, se o fosen non morrería ningún, e do que falo antes é de estatísticas; pero si que salvan moitas vidas. Recomendalle ao Sr. Ojea Bouzo que se ten un aparato cerca e unha persoa o necesita, o aplique, e non que non faga nada, porque a omisión de socorro é un delito; engade que os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

desfibriladores que se van instalar só dan descargas eléctricas cando o paciente o necesita, porque son aparatos intelixentes, con independencia do medo que poidan sentir as persoas á hora de utilizar un aparato deste tipo.

O contido íntegro das intervencións transcrictas anteriormente recóllese no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade (incluídos os votos das deputadas ausentes), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1- Aprobar a elaboración dun Plan de cooperación cos concellos para axudar aos concellos da provincia de menos de vinte mil habitantes na adquisición de desfibriladores para a súa instalación nos espazos de maior afluencia de veciñas e veciños, conseguindo Ourense a condición de provincia cardioprotexida.
- 2- Incluír no dito Plan que a axuda da Deputación consista, como mínimo, nun 50% do prezo do desfibrilador, procurando a formación específica para o seu correcto manexo por persoal capacitado.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A CREACIÓN DO INVENTARIO DO PATRIMONIO ARTÍSTICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A POSTA EN MARCHA DUNHA EXPOSICIÓN DAS SÚAS MELLORES PEZAS CON CARÁCTER ITINERANTE E COMARCAL

O Sr. presidente cédelle a palabra a don Manuel Doval Soto, para que actúe como portavoz do Grupo Popular neste asunto e defenda o contido da moción, que foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular, da lectura, resumíndoa, da moción, co seguinte contido:

“Tal e como figura no Plan de mandato “Ourense 15-19”, dentro do ámbito cultural, unha das iniciativas previstas consiste na “creación dun inventario do patrimonio artístico da Deputación e exposición itinerante comarcal”. A Deputación Provincial de Ourense conta cun importante fondo de patrimonio artístico. De acordo co establecido no plan de mandato “Ourense 15-19”, o obxectivo desta iniciativa consiste en potenciar e valorizar os importantes fondos do patrimonio artístico que posúe a Deputación Provincial

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

*e poder achegalo aos cidadáns dos concellos da provincia de Ourense a través dun programa de difusión do mesmo por medio de exposicións itinerantes, con conferencias, exposicións e demais actos de contido artístico e cultural. Unha actuación na liña do operativo xa aprobado para dinamizar as infraestruturas culturais de carácter municipal. O dito inventario, fundamentalmente das obras pictóricas e escultóricas propiedade da Deputación, posibilitaría tamén a correspondente edición dun catálogo que permitise poñer en valor todo ese patrimonio. O patrimonio da Deputación é de tódolos ourensáns e tódolos esforzos que se fagan para inventarialo, organizalo e expoñelo permitirán que os seus propietarios coñezan e valoren tódalas pezas que o integran. Sen dúbida estamos a falar dun patrimonio cultural e artístico que forma parte da Ourensanía. En virtude do exposto, propoñemos que o Pleno da Deputación adopte os seguintes **ACORDOS**: 1.- Realizar un inventario do patrimonio artístico e cultural dos fondos da Deputación de Ourense. 2.- Organizar unha exposición itinerante de carácter comarcal coas pezas artísticas máis destacadas do patrimonio artístico-cultural provincial. 3.- Poñer en marcha tódalas actuacións complementarias, conferencias, publicacións, etcétera, que contribúan á súa difusión e achegamento ás veciñas e veciños da provincia.*

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que o seu grupo concorda ao cento por cento na necesidade de potenciar e valorizar os importantes fondos do patrimonio artístico que posúe a Deputación Provincial e poder achegalo aos cidadáns dos concellos da provincia de Ourense a través dun programa de difusión do mesmo por medio de exposicións itinerantes; di que na moción faise referencia ao plan 15-19 para dicirnos que compre realizar un inventario do patrimonio artístico e cultural dos fondos da deputación, e sinala que on so do patrimonio artístico e cultural senón que tiña que estar feito hai xa anos un inventario do patrimonio que posúe a Deputación no seu conxunto, patrimonio que debería estar incorporado á memoria económica, como é preceptivo e como sinala a Interventora ano tras ano no seu informe. Pregúntase por qué non sen ten feito ata o de agora, e di que supón que por desidia, falla de interese, ou por algunha outra razón que se lle escapa. Continúa dicindo que para facer un inventario o primeiro que ten que existir, ademais de gañas, é un principio de colaboración entre os distintos responsables dos distintos servizos desta Deputación, cousa que non existiu ata o de agora,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

porque estes funcionan como compartimentos estancos, sen que se poida saber cales son os fondos que posúen cada unha delas por separado. Engade que para organizar unha exposición de carácter comarcal non só hai que inventariar cada unha das pezas senón que hai que facer un outro traballo que é o de valoración, é dicir de taxación das mesmas, pois compre saber cal é o valor económico a día de hoxe feita por un experto nesa materia, porque como ben se di no corpo expositivo da moción o patrimonio da Deputación é de tódolos ourensáns, e no momento que teñamos ese traballo feito, será logo o momento de que os ourensáns poidan gozar do seu patrimonio que custodia esta Deputación.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que están de acordo tamén co espírito da moción, e amosan o seu asombro de que este inventario non estivese xa feito, e tamén é unha boa idea facelo chegar a coñecemento dos cidadáns da provincia a través de exposicións itinerantes, porque se valora máis o que se coñece. Di que sería interesante que esas exposicións itinerantes fosen acompañadas dunha difusión do coñecemento do valor das pezas do inventario, a través de Internet e dos medios, para que cando chegue a unha determinada zona os cidadáns poidan ter coñecemento do seu contido. Anuncia o seu voto favorable á moción, e di que o outro día alguén lle dicía que do pouco de valor que ten esta Deputación están as súas obras de arte e as bibliotecas, porque sempre se esta a dicir, e xa é un tópico, que esta é unha institución inútil e obsoleta.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que ao seu grupo parécelle ben a moción, e botan en falta que isto non se fixera antes, e algunha iniciativa houbo neste senso do Grupo Socialista, pero en todo caso, benvido sexa este acordo, e agardan que se faga canto antes, aínda que son conscientes da dificultade que teñen este tipo de traballos, e non sempre por moito correr se fan mellor as cousas. Recomenda, en ton irónico, que non se inclúa a piscina termal no inventario, porque xa se informou de que hai outras quince piscinas termais no mundo, e a nosa será a décimo sexta, pero non a única.

Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular, agradece o apoio do resto dos grupos, e di que na vida e nas institucións non está todo feito, e de aí esta iniciativa do grupo de goberno para poñer isto en marcha, porque por algo hai que empezar, e o primeiro é ter ese patrimonio, e logo traballar no senso apunto. Di que non está de acordo cunha afirmación do portavoz do Grupo do BNG sobre a existencia de descoordinación entre os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

servizos da Deputación, e di que non é certo, e que polo que el coñece, na súa área de actuación, a coordinación é total, e que hai son algúns problemas de espazo nos que se está traballando para resolvelos, e cónstalle que os funcionarios comparten esta idea. Entende que é importante que o patrimonio cultural e artístico forma parte dese sentimento que teñen todos os ourensáns, e que temos a obriga de defendelo e poñelo en valor, xa sexa no seu valor, e cre igualmente que os veciños, calquera que sexa o seu lugar de residencia, teñen dereito ao acceso á educación e á cultura, e este acordo vai nese senso. En canto á recomendación irónica do Sr. Gómez Pérez, dille que xa sabe como pensa el, e que actúa coa máxima seriedade, e polo tanto non ten nada que dicir ao respecto.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que haberá moita coordinación, pero o inventario e a súa valoración están sen facer. Di que o seu grupo concorda co sentido da moción, pero cre que ese traballo de taxación se debe facer previamente a calquera exposición, porque senón se sabe o seu valor económico real, pode haber problemas ao contratar os seguros, por exemplo, co que entende que se está a poñer o carro diante dos bois. Polo exposto, a súa posición vai ser a da abstención.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que o seu grupo da por suposto que durante o proceso de execución do inventario se fará a súa taxación, e que iso estará dispoñible na páxina web, cos seus datos históricos e artísticos. Reitera o seu voto a favor, e espera que co bo espírito que pon o Sr. Doval nesta clase de cousas, o proxecto saia adiante do mellor xeito posible.

Don Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular, sinala que a propia moción di que o inventario está sen facer, e polo tanto iso é algo obvio, pero iso non quere dicir que non se vaia facer. Di que de poñer o carro antes dos bois, nada, e non cre que haxa problema en taxar as pezas antes de expoñelas. Engade que tamén se adoptarán as medidas de seguridade necesarias nas exposicións, reitera o agradecemento aos grupos e di que o importante é iniciar os traballos o antes posible.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

deputado do BNG (1) (incluídos os votos das deputadas ausentes), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Realizar un inventario do patrimonio artístico e cultural dos fondos da Deputación de Ourense.

2º.- Organizar unha exposición itinerante de carácter comarcal coas pezas artísticas máis destacadas do patrimonio artístico - cultural provincial.

3º.- Poñer en marcha tódalas actuacións complementarias, conferencias, publicacións, etcétera, que contribúan á súa difusión e achegamento ás veciñas e veciños da provincia.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE AXUDA AOS CONCELLOS PARA CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA A MELLORA DOS SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que defenda o contido da moción, que foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que esta moción se trouxo, como xa se avanzou na comisión, cun espírito construtivo e por unha cuestión obvia, porque quen tiña que poñer en marcha este plan de axuda é a propia Xunta de Galicia que é a quen ten as competencias nesta materia, nos cacarexados plans de cooperación dos que se fala nos papeis pero que ao final son mentira e acaba pasando o que pasa, que este ano os concellos se ven practicamente incapacitados para atender os seus servizos, afectando a servizos municipais que a Xunta subvenciona inicialmente ao 100 % e logo, con tempo, vai baixando o financiamento, ata que acaban sendo financiados na súa totalidade polos concellos, e cando non é así, porque o concello non dispón de medios, o concello se ten que desfacer dese servizo e neses casos os traballadores reclaman nos xulgados do social e acaban tendo a razón. Por iso piden ese plan de emprego, para que a Deputación o faga en substitución da Xunta. Lembra que algúns concellos tiveron que solicitar da Deputación o cambio das finalidades no plan de empregabilidade promovido este ano pola Deputación, precisamente para facer fronte ao recorte de axudas da Xunta. Di que nesta moción non puxeron unha cantidade, porque iso debe determinalo o grupo de goberno, pero entende que debe ser unha cantidade superior á

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

dese plan de empregabilidade, e que a distribución de fondos e a determinación das finalidades se fagan con criterios claros e obxectivos e cunha comisión mixta entre a deputación e os concellos.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que tiña anotadas un par de cuestións acerca desta moción, unha era o seu carácter relativamente inconcreto, pero xa explicou o voceiro socialista cal é o motivo desa concreción, e outra e que ao mellor se pode argumentar que a Deputación xa ten un plan similar, como é o de empregabilidade. En todo caso, o seu grupo votará a favor, porque na situación da provincia calquera tipo de iniciativa ao respecto do emprego e dos servizos públicos municipais é positiva. En canto á dotación orzamentaria, cre que que mellor sitio para destinar os remanentes de tesourería que dotar aos concellos de fondos para contratar desempregados e permitir o financiamento dos servizos municipais.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, anuncia o voto a favor, porque saben que moitas veces os concellos precisan destas axudas, non por dar emprego porque si (porque o seu grupo non cre nesas doutrinas keynesianas, cando menos non nestas circunstancias económicas e históricas, porque o emprego debe ir para cubrir un servizo que sexa necesario). Di tamén que moitas das necesidades que teñen os concellos se poderían soste r gastando menos cartos se no canto de contratar empresas se contratasen persoas con coñecemento directo da realidade de cada concello, pero nese caso non se manexarían as cantidades que se manexan e non habería as componendas que hai.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo Popular, di que se sente moi leda hoxe porque é das poucas veces que o Sr. Gómez Pérez trae algo construtivo a este pleno, e non algo destrutivo como normalmente soe facer. Non obstante, anuncia o voto en contra do seu grupo, e di que vai explicar o porqué. Cita as tres cousas máis importantes que o equipo de goberno leva feito neste mandato e nesta materia, en primeiro lugar o programa de empregabilidade do que xa falou o Sr. Gómez Pérez, no que cada concello recibiu 10.000 euros para os custes de contratación de persoal, cun importe total de 910.000 euros; en segundo lugar, o plan de mocidade, con 6.000 euros por concellos, para eses mesmos custes, e cun importe total de 546.000 euros achegados pola Deputación; e, en terceiro lugar, o plan de emprego xuvenil subscrito coa Escola de Organización Industrial, con financiamento do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

Ministerio de Industria, a Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense, cun gasto total de 3,6 millóns de euros, co obxectivo de mellorar a formación dos xoves, fomentar o autoemprego e a creación de pequenas e medianas empresas. Di que entende que o papel do Sr. Gómez Pérez é vir aquí a dicir que o grupo de goberno non fai cousas e non quere fomentar o emprego na provincia, pero só lle vai dar un dato, e é que a Deputación, dende xullo de 2015, e sumando todos os programas e convenios, leva investidos 4.991.330 euros en materia de empregabilidade, e sempre se pode facer máis, pero cre que a iniciativa que hoxe trae aquí o Grupo Socialista chega tarde, coma sempre, porque xa estaba prevista no Plan de mandato 15 – 19. Lembra ademais que o tema de emprego non é competencia da Deputación Provincial, e hai outras institucións con competencias propias para xestionar este asunto, pero aínda así o seu grupo non está conforme, e por iso a Deputación desenvolveu todas estas actuacións. Di tamén que o Sr. Gómez Pérez criticou á Xunta de Galicia, dicindo que non facía cousas, e lembra que a Xunta leva o tema dos obradoiros de emprego e da RISGA, e por tanto tampouco se fan tan mal as cousas, e de tódolos xeitos, se non lle gusta como fan as cousas na Xunta, o que ten que facer é presentarse nas vindeiras eleccións autonómicas, se o deixan, e ir a discutir estas cousas ao Parlamento de Galicia, pero aquí estamos na Deputación de Ourense.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dille á Sra. Lama que poucas veces veu algo tan absurdo, e pregúntase si a Sra. Lama, cando chega a casa, escoita o di nas súas intervencións, o que lle escriben para que o diga nos Plenos. Dille que tanto lle ten que a Sra. Lama diga que se sinte leda, pero o que semella é que está sempre enfadada, e pregúntalle si é que pensa que á súa costa se vai facer famosa, e dille que non o vai conseguir porque non ten capacidade, porque a súa función aquí limítase a vir a ler un papel atacándoo a el para saír nos medios, porque pola súa capacidade de xestión na Deputación non o podería facer. Di que o que dixo é un absurdo, porque na súa intervención anterior el nunca dixo que a Deputación non estivese a facer nada, e mesmo el citou eses programas de actuación levados a cabo pola Deputación, e incluso dixo que eses programas estaban ben e lembra que o seu grupo votou a favor deses programas, e pregúntalle que qué parvadas está a dicir, e di que non lle estraña que o concello de Xinzo de Limia estea como está en materia de persoal cando a Sra. Lama foi alí concelleira de persoal, porque xa se ve a limitación que ten, porque non entende do que se está a falar. Insiste en que na súa intervención anterior non se falou de nada do que lle acusou a Sra. Lama, e non se falou de números e nin sequera a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

moción fala de números, cuxa concreción, como dixo, deixa á decisión do grupo de goberno. Di que do único que falou na súa intervención anterior foi de procedementos, para evitar problemas que poidan ter os concellos, pero isto é un problema de comprensión, e non outra cousa. Di que o que dixo a Sra. Lama é simplemente ter ganas de enredar, e non sabe se é cousa súa o llelo escriben. Di que non dixo nada de que o goberno provincial o estivese facendo mal no tema do emprego, aínda que algo estarán a facer mal, cando a situación económica da provincia é mala, como se dicía no informe das contas de Urbaourense, na xunta xeral celebrada antes do Pleno, asinada polo Sr. Presidente, ou cando a ministra de Emprego dixo o outro día que aquí os xoves tiñan un mellor comportamento, e non sabe si é que a Sra. Lama acompaña á ministra nesa parvada, porque como non vai haber mellor comportamento se os xoves se van, se cada día quedamos menos, e se quere discutimos disto, pero é que non se presentou esta moción para discutir isto, nin para atacar á Sra. Lama nin ao grupo de goberno, todo o contrario, é unha moción de carácter construtivo, polo que non entende que se poida facer o ridículo de semellante maneira. Dille á Sra. Lama que aínda que lle escriban as cousas que ten que dicir, e a manden vir aquí a atacarlle a el para ter un pouco de relevancia unha vez ao mes, porque a Sra. Lama é incapaz de facer outra cousa, o que non pode facer aquí é vir a insultalo e a atacalo por cousas que nin sequera dixo. Dille que cando a un lle escriben os argumentos ten que ter a capacidade de mudalos, e non vir sempre coa mesma *matraca*, porque iso non serve de nada. Di que quere quedarse co positivo, que é que ante unha moción positiva a Sra. Lama fixo un discurso negativo e un alarde do que non se debe facer nunha institución, e iso da pena, porque aquí se está para outras cousas, e non a vir a facer non sei qué para ganarse o favor do seu xefe. Dille que na vida hai que ter criterio propio, e non facer só o que lle indican os que mandan nun, porque iso o que significa é que un non pode chegar a nada por si mesmo, e iso é lamentable, e di que a Sra. Lama nunca chegará a nada por ela mesma, como acaba de acreditar hoxe.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo Popular, pregúntalle ao Sr. Gómez Pérez se cre que pode vir a unha institución a dicirlle a unha deputada que é unha persoa incapaz e limitada, e pregúntalle quen se pensa que é, engadindo que é un machista, e llo di con todas as letras, e un maleducado que non sabe estar nunha institución. Di que o Sr. Gómez dixo que aquí se está para outras cousas, e non para facer o que fai ela, e pregúntase si é que aquí se está para estar comendo na oficina, como viu facer ao Sr. Gómez hai un rato

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

cando ela saíu aos aseos, ou como na pasada sesión plenaria, na que o Sr. Gómez estivo sesenta minutos fóra do salón de sesións paseando polo Pazo Provincial, e engade que aquí non hai máis irresponsable que el, reiterando que é un maleducado e un machista. Di que o que ela dixo era que a súa moción era unha boa iniciativa, pero que chegaba tarde, coma sempre, porque o Sr. Gómez non se leu o Plan 15 – 19 e por iso trae logo aquí propostas que o Grupo Popular xa anticipara antes, porque o Grupo Popular ten anticipación, planificación e organización, cousas das que o Sr. Gómez Pérez acredita carecer. Pídelle que deixe de faltar ao respecto continuamente, e dille que non necesita chegar a nada na vida, porque todo o que ten ganouno ela soa, polo que lle pide que non veña a falarlle neses termos, porque el non coñece nada da súa vida, e non ten nin a capacidade nin a decencia nin o nivel cultural para falar con elas deses temas.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dille á Sra. Lama que é lamentable, porque en primeiro lugar qué saberá ela o porqué el ten que comer ou non a unha hora determinada, e a que insulta pleno tras pleno é ela, e se non serve para outra cousa en política – porque di que o resto da súa vida non lle preocupa - segue a ser lamentable. Engade que non lle consinte que o chame machista, porque unha muller que se di feminista e ampara ao Sr. Presidente coa conduta que tivo, xa ten todo dito, e polo tanto pídelle un pouquiño de rigor. Dille que el non ven aquí a pelexar con ela, pero ela si ven aquí exclusivamente a atacalo a el, porque é o único que fai, engadindo que el, paseando sesenta minutos polo Pazo Provincial, fai máis que ela, que se pasea todo o mes e non fai nada, porque é unha persoa irrelevante, e ninguén sabe o que ven a facer nesta institución, agás o que ven facer aos plenos, que é insultar e aínda por riba sen vir a conto. Di que non lle veña acusando de cousas que non son certas, e que non se meta en cuestións que non debe, e dille que non vai ser nada en política, porque el leva moito tempo aquí, e leva visto a moita xente, con moito nivel e con menos, pero dende logo con bastante educación e saber estar, e ela é a deputada máis lamentable que pasou por aquí, e reitéralle que non ten nivel nin capacidade para estar aquí, porque ante os argumentos que lle acaba de dar hai un rato ela só sabe responder con descualificacións, e iso viuno todo o mundo, e non o fixo so un día, fíxoo tamén o outro día, que veu facer o mesmo a este Pleno. Dille que cando un non ten argumentos é cando recorre á descualificación, como cando o chamou machista, e pregúntase por qué o chamou machisto, e si foi porque a trata igual que a un deputado. Engade que semella que a Sra. Lama anda

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

vixiando ata cando sae do Pleno, e iso xa é o colmo, e preguntábase se é que ela é o KGB desta institución, porque vixía o seu perfil, se entra ou sae, se está na oficina do seu grupo, e di que isto é alucinante e que o resto de deputados acaban de ser testemuñas. Di que é unha mágoa que cada vez que esta señora toma a palabra acabemos así, pero o certo é que vendo o nivel que teñen algúns aquí non lle estraña que isto remate así. Dille que algún deputado dos da *chaquetilla* azul acabou como acabou, calado, e augúralle que a ela vaille pasar o mesmo, tal vez non aquí, porque ten moita ousadía, pero ao mellor si nos medios de comunicación, como algún que tamén se botaba moi para adiante e agora ten que estar calado; e dille, por último, que deixe de insultar, que se ten argumentos rebata o que el di, e senón que polo menos se dedique a estudar os temas, porque veu aquí sen sequera ter estudada esta moción, e todo o mundo acaba de ver o lamentable que é a Sra. Lama ante unha cuestión pola que non tiña nin que acontecer isto.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as dos Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) e voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) (incluídos os votos das deputadas ausentes).

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE DECLARACIÓN DO COUTO MIXTO COMO TERRITORIO HISTÓRICO.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que defenda o seu contido.

Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que o seu grupo vai aceptar a emenda do Grupo Popular, porque entenden que non cambia nada o sentir da súa proposta, coa que se pretende solicitar o apoio desta institución a un enclave singular, histórico e cultural. Di que non existe constancia de que existan enclaves similares ao Couto Mixto no territorio da Unión Europea, e que este territorio de apenas 28 quilómetros cadrados comprende tres parroquias, dúas no municipio de Calvos de Randín e outra en Baltar. Explica que as orixes do Couto Mixto son aínda un misterio por descubrir,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

e que se constitúe como tal e comeza a formarse arredor do século XII, pero a súa creación é anterior, cando Portugal se independiza da Coroa de Castela, con fronteiras pouco claras e nada precisas. Di que este territorio gozaba de completa autonomía, como unha república independente, onde os seus habitantes tiñan unha serie de privilexios, como a elección de nacionalidade ou o libre comercio, entre outros. Era unha terra de ninguén, ata que en 1869 foi disolto, despois de longas negociacións entre España e Portugal, e foi nese ano cando se definiron as actuais fronteiras e estes pobos pasaron a integrarse en Galicia. Di que todo isto evidencia que o Couto Mixto é unha unidade territorial singular, ao que se suma un factor de oportunidade ao estar integrado no parque natural do Xurés, co que este territorio queda definido polos valores culturais e paisaxísticos. Sinala que a Asociación de Amigos de Couto Mixto, que loita pola memoria e recuperación desta paraxe, para que non se perda para sempre no inmenso baúl da historia esquecida, acordou na súa última asemblea do pasado mes de abril dirixirse aos concellos de Baltar e Calvos de Randín, para que soliciten ao Consello da Xunta, que é quen ten a potestade, a declaración do Couto Mixto como territorio histórico, e que sexa inscrito no Rexistro de Bens Culturais de Galicia. Di que tendo en conta a limitación de recursos destes concellos para poder levar a cabo a declaración como territorio histórico, o que propoñen é que esta institución apoie a estes dous concellos, mediante convenios, para acadar esa declaración.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, comeza explicando que a Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galiza, no seu artigo 8.1 establece que os bens mobles, inmobles e inmateriais máis destacados do patrimonio cultural de Galiza serán declarados bens de interese cultural mediante decreto da Xunta a proposta da Consellería de Cultura, e inscribíranse no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galiza. A tales efectos, polo que se refire aos inmobles, o apartado 3 do mesmo artigo dispón que estes serán declarados de interese cultural atendendo ás seguintes clases: monumento, conxunto histórico, xardín histórico, sitio ou territorio histórico, zona arqueolóxica, lugar de interese etnográfico e zona paleontolóxica. Comenta ao respecto que sen dúbida algunha falarmos do Couto Mixto é falarmos dun territorio peculiar, que cumpre todos e cada un dos criterios para ese recoñecemento, porque estamos a falar dun territorio situado na raia seca existente entre Galicia e Portugal, que mantivo unha singularidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

político - administrativa, chegando a constituír un enclave independente e gozando os seus habitantes de privilexios por esta condición. Efectivamente, este territorio esquecido de natureza político - administrativa complexa estivo xeograficamente enclavada nas parroquias galegas de Santiago e Rubiás, do municipio de Calvos de Randín, e Meaus, do municipio de Baltar, mais vinculada historicamente a Portugal e España, a través de certa dependencia nobiliaria dos señoríos das Casas de Bragança e do Conde de Monterrei, logo das desordes en 1518. A orixe do Couto sitúase cara o século XII, e podemos dicir que o couto mixto foi unha república democrática en plena idade media, pois mentres os demais territorios estaban en mans de reis e nobres, e os seus habitantes sometidos como servos, os habitantes do Couto permitíanse elixir democraticamente aos seus gobernantes, e con foros propios, privilexios e "competencias" das que xa lle gustaría hoxe dispoñer a algunhas comunidades autónomas. Conclúe que o Couto Mixto é, de seu, un referente histórico singular e como tal debe ser recoñecido, e lembra que o vindeiro sábado, día 2 de xullo, vanse escoller os novos xuíces honorarios, e o Couto Mixto volverá ser a capital da memoria, polo que estamos diante dunha oportunidade máis para seguirmos creando conciencia común nun territorio que foi un oasis de democracia, algo excepcional naquel tempo. Engade que, dado que o Grupo Socialista acepta a emenda de substitución proposta polo Grupo Popular, que non altera para nada o sentido da moción, anuncia o seu voto favorable.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que non vai abondar no que dixeron os portavoces que o precederon no uso da palabra sobre a singularidade histórica e xeográfica do Couto Mixto, e comenta que hoxe mesmo publícase no *Faro de Vigo* un escrito facendo un repaso de todas estas características tan particulares que ten esa zona, na que casualmente estivo o venres pasado o sobre a que se ten escrito moito, citando ao respecto a figura de don Luís García Mañá, e temos lido moito sobre as particularidades xurídicas daquela terra de ninguén, na que unha parella podía estar casada no balcón e solteira no outro lado da casa. Anuncia o voto a favor do seu grupo, tanto da moción como da emenda, porque pensan que o Couto Mixto reúne as características suficientes para ser declarado territorio histórico, tendo en conta ademais o seu valor paisaxístico, mágoa que os ventiladores – en referencia aos parques eólicos – esnaquizaron un pouco esa paisaxe.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

Don José Antonio Feijoo Alonso, portavoz do Grupo Popular, agradece en primeiro lugar que se lle permita intervir nun asunto tan apaixonante para el (que é alcalde de Baltar, un dos municipios nos que se situaba o Couto Mixto), moito máis cando non o fai habitualmente, aínda que subliña que o seu grupo dispón dun súper – portavoz e de viceportavoces que o fan moi ben e que representan o sentir do grupo, engadindo que en todo caso, aínda que habitualmente non interveña nos plenos, si o fai no foro adecuado. Di que é un tema apixoante para el porque, ademais de afectar ao territorio polo que se move habitualmente, é un asunto que o enche de intrigas e ilusións. Como xa se dixo aquí en parte, é un territorio que ten 2.695 hectáreas, que chegou a ter nos seus tempos mil habitantes, que data da Idade Media e abrangues tres parroquias de dous municipios, sinalando que o réxime económico e político que tivo era realmente extraordinario, podendo elixir nacionalidade ou permitindo que os tres xuíces elixidos adoptasen os seus acordos, o que se facía no adro da igrexa de Santiago de Rubiás, onde se adoptaban acordos sobre conflitos de pastos ou conflitos sociais, e os acordos se gardaban nunha arca con tres chaves. Di que é lamentable que o Tratado de Lisboa, que non foi no 1869, senón o 29 de setembro de 1864, os gobernos español e portugués decidiran extinguir todos eses privilexios que o convertían nun territorio de características parecidas a Mónaco, Andorra ou San Marino, co que iso significaría neste tempo. Di tamén que este territorio contaba cun camiño, o chamado Camiño Privilexiado, que percorrendo dende Meaus, Santiago de Rubiás e Rubiás, enlazaba con Portugal en Tourem, un camiño de aproximadamente seis quilómetros, polo que se podía circular libremente con mercadorías que naquel tempo non se comercializaban en España e Portugal, caso da sal, e incluso podían portar armas, e as forzas da orde non podían intervir a menos de cincuenta metros dese camiño. Relata que os veciños maiores aínda lembran o que lles contaran os seus avós e bisavós, de que se consideraban ultraxados porque lles sacaran dun plumazo, cun caprichoso tratado internacional, todos eses privilexios con que contaban. Di que o recoñecemento que hoxe se pretende, e que se complementa con esa emenda, cuxa aceptación agradece en nome do Grupo Popular, non queren que quede simplemente nunha declaración de intencións, como xa sucedeu cun acordo adoptado no seu día polo Goberno central, e debe adoptarse algún medio para que ese recoñecemento ao Couto Mixto sexa impulsado, e o mesmo fixo o Parlamento de Galicia cun recoñecemento parecido. Con esta emenda, e coa vontade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016

amosada polo Sr. Presidente no Plan 15 – 19, e tamén no seu discurso de investidura, se quere manifestar o compromiso real desta Deputación, para promover e apoiar actividades que poñan en valor o Couto Mixto a través de convenios, respectando ademais a autonomía municipal dos concellos de Baltar e Calvos de Randín, subliñando que debe actuarse mediante consenso neste asunto, como en tódolos temas que atinxen á cultura, porque en definitiva a cultura non ten cores, e xoias como esta, cun valor increíble no ámbito turístico, deben servir para que nos escoitemos, esteamos unidos e camiñemos na mesma dirección, porque do que se trata é de mellorar a nosa provincia e os seus recursos. Recoñece que é certo que os concellos podían ter feito un chisquiño máis, porque é moito o tempo que se leva sen facer cousas neste asunto, pero os atrancos de carácter administrativos – plans xerais, etcétera – impiden moitas veces levar a cabo cousas. Di que o Couto Mixto foi visitado en máis dunha ocasión por conselleiros, e todos manifestaron o seu interese en impulsalo. Cre que estamos agora mesmo no bo camiño, e que esta implicación da Deputación vai ser moi importante, de cara a apoiar o déficit que poidan ter os concellos no aspecto técnico, de inventarios, memorias, a recuperación dese Camiño Privilexiado, no que se poderían organizar andainas e outros actos promocionais. Lembra que neste tempo están chegando autocares de Portugal e ao chegar alí atópanse con moi pouco, con inmobles que son unha realidade, como na aldea de Meaus, na que hai aínda máis de dez instalacións, xa vellas, de grandísimos comercios que se dedicaban a facer todo tipo de negocios e a vender eses produtos que en España e Portugal non podían comercializarse libremente, e agora mesmo quedan alí restos do que foi o banco, do que foi a farmacia, do que foron macrocomercios, aos que se pretende dar protección co interese de preservalos, malia que poida existir o atranco da oposición dos particulares, e di que si se visitan estes inmobles – para o que convida aos presentes, ofrecéndose a guialos – atoparanse con pisos de madeira con táboas de máis dun metro e toda sorte de aparellos, que se remontan á Idade Media e deixan a un pasmado, e recentemente descubriuse un balcón cunhas letras que era a do último xuíz, chamado Modesto Domingo Brandón. Di que cre que chegou o momento porque agora temos os vimbios para facer o cesto que queremos facer, os concellos avanzaron no tema das posibilidades urbanísticas e a vontade de tódalas institucións está aí, e é unha grande satisfacción contar co apoio de todos. Di que na tarde de onte estivo reunido co alcalde de Calvos de Randín, ao que explicou o sentido construtivo da emenda

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

do Grupo Popular e que lle constaba a vontade do Sr. Presidente por apoiar ao Couto Mixto, e mesmo as celebracións anuais que leva a cabo a Asociación de Amigos do Couto Mixto, que tal vez por falla de medios non formulou ningunha solicitude, pero o Sr. Presidente sempre manifestou a súa receptividade. Di tamén que ao mellor somos uns afortunados, porque os veciños de alí están desexando ter un centro de interpretación, para poder acceder aos seus obxectos e recordos históricos, e que ese visitantes que chegan se atopen nese centro algo que ver. Pide escusas pola extensión da súa intervención, e conta unha anécdota xurídica que cre única en Europa e que lle resulta difícil de entender, e é o feito que nese monte que pertence aos pobos españois e á parte portuguesa da raia (onde quedan uns marcos que chaman a atención, porque conservan a C e a M de Couto Mixto) a Cámara Municipal de Montalegre e a empresa eléctrica ENP decidiron instalar uns xeradores, e uns expertos xurídicos españois conseguiron que as autoridades portuguesa teñan que pasarlle un canon anual aos veciños por esas instalacións, co que aínda se están a recoñecer certos dereitos ao antigo territorio. Agradece, como alcalde de Baltar, o apoio de tódolos grupos, e os convida a que estean presentes no acto anual que organiza a Asociación de Amigos do Couto Mixto, onde un ano máis se vai nomear xuíces honorarios a persoas que impulsaron o recoñecemento deste territorio, que este ano serán un arqueólogo, José María Eguileta, a Asociación Eixo Atlántico e a Escola Superior Universitaria de Vilanova de Cerveira, que pronunciarán alí os seus discursos e os depositarán, para inmortalizalos, nesa arca do Couto. Di que contribuír a recuperar a memoria do Couto Mixto será algo positivo para a provincia, e pode que se algún dos aquí presentes leva a cabo unha acción destacada sexa nomeado xuíz honorario e se inmortalice dese xeito.

Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, da a benvida á Deputación no apoio a este asunto, e di que agarda que se produza tamén o da Xunta, e puntualiza ao Sr. Feijoo Alonso que o seu apoio a iniciativas culturais está máis que demostrado, como acredita o feito da súa aceptación da emenda do PP. Pregunta tamén se as dúas deputadas ausentes, ao non estar implantado o voto telemático en tempo real, votaron só a moción ou votaron tamén a emenda (neste momento, a Presidencia informa que votaron tamén a emenda). Agradece o apoio de tódolos grupos, e di que coa súa proposta perseguen o recoñecemento dunha singularidade que poida servir de táboa de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

salvación e desenvolvemento deste territorio, na súa maior parte de montaña. Reitera que o Couto Mixto cumpre tódolos requisitos para ser declarado ben de interese cultural e incluído no catálogo de patrimonio cultural de Galicia, e isto vai favorecer o coñecemento de toda a provincia de Ourense, especialmente para o sur da provincia, e podería suceder algo semellante ao que pasou no caso dos camiños composteláns, e a nosa provincia é hoxe máis coñecida grazas ao paso dalgunhas rotas que van a Santiago. Di que temos que ser quen de potenciar o que poderíamos chamar os territorios arraianos, e facelos máis atractivos as ollos dos posibles visitantes.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, abonda no que xa dixo na súa primeira intervención, e di que hai moitas maneiras de potenciar o turismo na zona, e que por exemplo as anécdotas derivadas do peculiar réxime xurídico do Couto Mixto, que subsistiu ata hai moi pouco tempo, en termos históricos, anécdotas como a que el relatou na súa anterior intervención ou as que contou o alcalde de Baltar poden ser un atractivo turístico. Alédase de saber que os aeroxeneradores instalados supoñan un ingreso económico para a zona, tal e como relatou o Sr. Feijoo Alonso, e cara ao futuro parécelle interesante a proposta que acaba de facer a deputada socialista de enmarcar o Couto Mixto no contexto máis amplo dos territorios arraianos, da Raia seca. Di que no artigo do *Faro de Vigo* publicado no día de hoxe se fai referencia tamén aos chamados pobos promiscuos, que se intercambiaron con Portugal a cambio do Couto Mixto, e lembra por exemplo o caso de Lama de Arcos, un pobo no que pasou algún verán na súa xuventude, a carón de Vilarello da Cota, con anécdotas como a dunha señora que puña a pota do caldo ao lume en territorio español mentres ía mercar sal a Portugal. Comenta ironicamente que, dada singularidade da zona, hoxe podería ter sido un estupendo paraíso fiscal.

Dona Susana Rodríguez Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, di que o imos votar agora é unha boa nova, non só para a Asociación de Amigos do Couto Mixto, dos que partiu a iniciativa, senón tamén para os veciños e veciñas de Calvos de Randín e Baltar, pola repercusión que vai ter a declaración de territorio histórico. Lembra que os concellos teñen a obriga de protexer e dar a coñecer o valor do seu patrimonio, pero tamén é verdade que os recursos con que contan son escasos, e nestes difíciles e convulsos últimos anos para moitos concellos a prioridade foron as políticas sociais e as persoas. Di que a provincia de Ourense ten un amplo potencial co seu patrimonio cultural, tanto material como inmaterial,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

que é necesario recuperar e potenciar como motor de desenvolvemento económico, humanístico, social, cultural e, como non, turístico, polo que cre que esta acción ten que ser a primeira de moitas outras, deixando como herdanza ás xeracións futuras a recuperación do noso patrimonio para a permanencia e identidade da cultura galega a través do tempo.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo](#)

Non se producen máis intervencións e o presidente manifesta que como a emenda é de substitución, en caso de resultar aprobada non procederá xa someter a votación da moción, polo que somete a votación a emenda de substitución, e por unanimidade (incluídos os votos das deputadas ausentes), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- A Deputación promoverá e apoiará as actividades que poñan en valor o Couto Mixto mediante convenios cos concellos de Calvos de Randín e Baltar incluíndo, entre outras posibles accións, os recursos necesarios para a súa declaración como “*territorio histórico*” e a inscrición no rexistro de Bens Culturais de Galicia.

11º.- MOCIÓN DO BNG, A INICIATIVA DE DIVERSOS COLECTIVOS CIDADÁNS, SOBRE O USO DE HERBICIDAS E GLIFOSATOS.-

Trala ratificación, por unanimidade (incluídos os votos das deputadas ausentes), da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo do BNG para que defenda o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, lamenta que os últimos cambios na tramitación das mocións obrigasen a realizar este trámite de declarala urxente, e di que non entende que unha moción que foi levada a comisión informativa en tempo e forma, segundo se lles indicara, quedase fóra da orde do día por unha cuestión meramente formal, e tivese que ser a xunta de portavoces a que arranxara a cuestión como mellor se puido; lamenta tamén que no Regulamento Orgánico non estea contemplado un cauce para que as asociacións destas provincia se poidan dirixir ao Pleno con iniciativas propias, e que en cambio estas teñan que ser presentadas a través dun grupo político, e neste caso o seu grupo asume esa responsabilidade, pero sen ningún interese particular pola súa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

parte máis que darlle a voz aos colectivos cidadáns que presentaron esta proposta, polo que queren ceder esta primeira quenda de intervención a un representante destes colectivos para que eles a defendan e expoñan eles mesmos, se non hai inconveniente por parte do resto dos grupos.

O **Sr. Presidente** pregunta aos grupos se teñen algún inconveniente en atender a petición do Grupo do BNG.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que sen non hai obxección dende o punto de vista legal, e sería o Sr. Secretario quen tería que pronunciarse ao respecto, eles tampouco teñen nada que obxectar.

Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista, di que como xa explicaron na comisión, onde o seu grupo tiña presentada unha moción sobre este mesmo asunto, renunciaron á tramitación da súa moción en aras de que se puidese tramitar a moción dos colectivos cidadáns, e di que renuncian tamén á súa primeira quenda de intervención para que poida ser usada polos representantes veciñais.

Dende o **Grupo Popular** non se fai uso da palabra, non manifestándose polo tanto ningunha obxección fronte á solicitude do **Grupo do BNG**.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, cede o seu escano a **dona Gema Martínez – Seara Vázquez**, veciña do municipio de Coles, en representacións dos colectivos cidadáns que asinan a moción.

Dona Gema Martínez – Seara Vázquez, agradece aos grupos políticos a tramitación da moción e a cesión do uso da palabra para defendela, así como o feito de poder ver cómo funciona a institución. Di que ven aquí en representación dun grupo de colectivos da cidade preocupados pola saúde e o medio ambiente, e por iso lles preocupa o uso do glifosato na nosa provincia. Explica que o glifosato é un composto que aparece en moitas marcas comerciais de herbicidas que se están a usar de forma bastante común en lugares públicos para realizar tarefas de mantemento, limpeza de herbas e prevención de incendios. Di que o glifosato se detecta no aire, na chuvia, e mesmo nos nosos corpos, e que é moi soluble na auga e persistente no chan, contamina os acuíferos, é tóxico para a fauna acuática, os animais domésticos e o gando, e esparéxese sen control polo subsolo, e existen moitos indicios de que o glifosato é unha substancia moi perigosa para a vida. Engade que existen estudos científicos que relacionan o glifosato con afeccións e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016

enfermidades, e entre os seus efectos adversos describíronse toxicidades sub – aguda e crónica, danos xenéticos, trastornos reprodutivos, aumento da frecuencia de anomalías espermáticas e carcinóxese. Di que no norte de Arxentina, onde o glifosato se usa en fumigacións aéreas a grande escala, se disparan as taxas de cancro e malformacións conxénitas, e que despois de moitos anos de denuncias, especialmente de persoal médico destes estados onde o uso do glifosato se realiza a escala industrial, van chegando as confirmacións ao máis alto nivel. Así, en marzo do 2015, a Organización Mundial da Saúde clasificou o glifosato como substancia probablemente canceróxena, trala publicación por parte da Axencia de Investigación sobre o Cancro dun amplo estudo que demostra que esta substancia favorece a aparición do linfoma non - Hodgkin en seres humanos e causa danos no ADN, ademais de provocar cancro en animais de laboratorio. Di que en España temos vixente o Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro, que establece a regulación para o uso sostible de produtos fitosanitarios, e sinala que a administración competente en cada caso pode aplicar o principio de cautela limitando ou prohibindo o uso de produtos fitosanitarios en zonas ou circunstancias específicas, e sinala tamén que os órganos competentes establecerán para os seus ámbitos territoriais medidas para informar e sensibilizar, con especial referencia ás consecuencias do seu uso e posibles efectos agudos ou crónicos para a saúde humana e os organismos non obxectivos, ademais de sensibilizar sobre a utilización de alternativas non químicas. É dicir: hai unha clara base legal que obriga a respectar o principio de cautela para deixar de usar o glifosato e protexer a saúde das persoas. Engade que existen estudos que certifican o alto impacto deste herbicida no medio ambiente, xa que interactúa coa química e a bioloxía do solo, provocando a redución da nutrición das plantas, e o incremento da súa vulnerabilidade ás enfermidades. Di tamén que o glifosato contamina ademais as augas superficiais e subterráneas, danando a vida silvestre, e con posibilidade de contaminar a auga potable, e temos evidencias científicas suficientes que demostran que este pesticida ten un impacto superficial sobre os organismos acuáticos, dende as algas microscópicas ata peixes e moluscos, pasando tamén polas ras, e afectar a organismos do solo como as miñocas, fundamentais para manter a fertilidade do chan. Por outra banda, di que o uso do glifosato pode conducir a unha perda de especies silvestres que incluso xa están ameazadas, e tamén impacta na redución xeneralizada da diversidade e cantidade de especies que pode afectar a seres vivos cruciais para a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016

agricultura, como son os polinizadores, derivando nunha diminución da diversidade e da oferta de alimento. Di que existe alternativas aos herbicidas para o control da vexetación non desexada, como son os métodos mecánicos e os térmicos, que se utilizan noutros países europeos por ser respectuosos coa saúde das persoas e co medio ambiente, e estes métodos non químicos teñen ademais un maior potencial na xeración do emprego. Acontece tamén que o rozado químico, alén de supoñer un risco para a saúde, aumenta o risco de lumes, xa que a presenza do mato seco a carón das estradas é un factor de risco engadido. Outra alternativa sería o uso de técnicas de xardinería ecolóxica, técnicas que inclúen un cambio de visión na xestión das malas herbas, buscando un enfoque ornamental e unha boa xestión das mesmas, buscando especies autóctonas que non precisen de coidados, e tamén o uso de ácido acético como herbicida está permitido na xardinería ecolóxica. Di que lles preocupa a intensidade coa que nestes anos se teñen fumigado con herbicidas ducias de estradas para rozar o mato, e a razón de rozar con métodos químicos é unicamente económica, porque cuns litros de glifosato e un único operario rózanse ducias de quilómetros ao día, aforrando deste xeito o contratar unha brigada para facer o rozado mediante métodos mecánicos, a cambio de botar no medio milleiros de litros de veneno, e nalgúns casos chégase ata o absurdo de fumigar primeiro e rozar mecanicamente despois, e pregúntase por qué non facelo mediante métodos mecánicos, porque se o argumento para utilizar este tipo de produtos se sustenta fundamentalmente en criterios económicos, deberíanse ter en conta as perdas económicas nun senso máis amplo, como son os efectos nocivos sobre a saúde que aínda non somos capaces de contabilizar, a contaminación da auga, o envelenamento de especies, comentando que habería que revisar eses números que normalmente non se teñen en conta, como os que teñen que ver coa restauración dos servizos que nos proporcionan os ecosistemas. Di que un exemplo claro disto o temos nas abellas, porque en Galicia desaparecen anualmente uns trinta mil enxames por este problema, e en dezaioito anos o sector apícola perdeu máis de 55 millóns de euros, pero a sociedade no seu conxunto perdeu máis de mil millóns de euros segundo a valoración que se fai do efecto polinizador. Sinala que segundo o Parlamento Europeo, o 80 % das plantas con flores son polinizadas polas abellas, que son polo tanto as únicas capaces de asegurar a súa supervivencia, e tamén di este informe que o 84 % das plantas cultivadas precisan das abellas para ser produtivas, e finalmente que o 76 % da cesta dos nosos alimentos precisa das abellas nos nosos campos,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016

co que outra vez aquí hai que facer ben as contas. Lembra que hai anos o glifosato vendíase como produto ecolóxico, pero hoxe xa non o é, e en Francia e Bélxica prohibiuse a nivel caseiro, e o uso do glifosato, en xeral, está cada vez máis restrinxido, sinalando que a semana pasado se produciu a segunda rolda de votacións na Comisión Europea sobre a prórroga do uso do glifosato na Unión Europea, e por segunda vez non houbo unha maioría cualificada para ampliar a prórroga, e onte mesmo, trala falta de decisión, aprobouse esta prórroga, que nun principio ía ser por quince anos, logo para sete e finalmente aprobouse só para un tempo limitado de dezoito meses, ata que a Axencia Europea de Avaliación de Químicos ditamine si é canceríxeno ou non. Pero o que xa se fixo foi restrinxir o seu uso, e así está prohibido nos parques e en zonas comúns. Di que son conscientes de que nas grandes esferas é difícil tomar este tipo de decisións polos grandes intereses económicos, pero a nivel local é máis doado adoptar medidas máis acordes co medio ambiente e a saúde, e pide que non se retrase máis o establecemento desta prohibición e que non continuemos envelenando o medio e a nosa saúde. Continúa dicindo que o uso do glifosato vaise restrinxindo día a día, e cada vez son máis os lugares do planeta que o prohiben, e están convencidas de que o glifosato se prohibirá como hai anos se prohibiu o DDT, insecticida que estaba a acabar coas nosas aves, ou como se prohibiu o emprego dos gases fluorados dos sprays que danaban a capa de ozono, e en Galicia concellos como Ames, Ourense, A Coruña ou Pontearreas declaráronse libres de herbicidas químicos, e outros como Marin, Poio ou Arzúa xa aprobaron esta moción, e cidades como Madrid, Barcelona, Badalona, Sevilla, Logroño ou Zaragoza xa aprobaron recentemente deixar de usar glifosato. Di que moitas organizacións e colectivos están preocupadas polo uso deste herbicida, e que cren que a súa prohibición chegará, pero piden aos deputados e deputadas que non esperen para facer que a Deputación deixe de empregar este veneno, que afecta á nosa saúde e ao noso medio, e por isto mesmo esixen que se deixen de aplicar estes produtos químicos na nosa provincia, instando ás administracións competentes a rexeitar o seu uso, esixindo que se substitúa a fumigación con pesticidas polo rozado mecánico ou outras alternativas saudables, porque o coidado da terra, da auga e da nosa saúde é obriga das institucións que nos gobernan, e nos termos económicos nos que falou anteriormente o uso do glifosato xa nos está a saír moi caro.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

O **Sr. Presidente** abre a segunda quenda de intervención para os grupos, entendendo que a primeira se consumiu ao cederse á representante dos colectivos cidadáns que subscriben a moción, producíndose as seguintes intervencións.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que non teñen nada que engadir, e só apuntar un par de cuestións, porque comparten absolutamente a argumentación que se acaba de expoñer, e lembra que como se dixo onte a Comisión Europea prorrogou por dezaoito meses a autorización do uso do glifosato, polo que pensan que é unha excelente ocasión para ser pioneiros, sen esperar a que a Lei ou a Comisión Europea nos prohiba a utilización deste produto, e que desde esta casa se sente así un precedente na utilización dos métodos mecánicos, por tódolos beneficios que isto supón, polo que solicitan o voto favorable para a moción.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que exposición que fixo a representante dos colectivos foi practicamente perfecta, e que do tema xa se falou cando menos dúas veces en Plenos anteriores, sendo ben coñecida a postura de DO ao respecto, en contra do uso destas sustancias, un tema que por certa xa se tratou tamén no concello de Ourense. Di que xa saben que o argumento que emprega o PP é o da legalidade, pero cando aquí discutimos entre as diferentes alternativas que propoñen os grupos para cada cuestión sempre se decide entre alternativas legais, e por tanto que sexa legal non é un argumento político, e a cuestión é si é o mellor que se pode facer ou non. Di que cando se dan abusos, como se están dando no tema do glifosato, acábase por prohibir as cousas, e así acabará por prohibirse este herbicida, e o ideal sería non chegar a eses extremos, a unha imposición legal, que non serían necesarios se todo o mundo actuase con responsabilidade, e di que no fondo isto é semellante ao que sucedeu co uso do alcohol, que acabou tendo que restrinxirse o seu uso e montando controis de alcoholemia porque a xente se pasaba. Di que estamos asistindo, no agro galego, nestes últimos meses, a que os labregos teñen que sacar un carné para manexar as sulfatadoras, superando uns cursos, e iso seguramente acabou sucedendo polo mal uso crónico, e agora que os nosos labregos están asistindo a eses cursos nos que se lles está a dicir que non se poden empregar os produtos fitosanitarios de calquera xeito e que o ideal sería prescindir deles e usalos só en casos moi concretos, e que teñen que poñer máscaras e usalos só onde non haxa acuíferos, estase aumentando a sensibilidade sobre ese tema. Di tamén que se usa o argumento a favor do glifosato porque a Deputación

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

ten non sei cantos miles de quilómetros de estradas, pero ese é precisamente un argumento en contra do uso do glifosato, porque se a Deputación só tivera cen metros de estrada non habería ningún problema en usalo, o problema é que son miles de quilómetros que atravesan os máis diversos ecosistemas e biotopos, de xeito indiscriminado e cos efectos de contaminación de acuíferos e de ecosistemas que se expuxeron por parte dos proponentes da moción. Entende que por isto non é de recibo usar este sistema cando hai alternativas, e as alternativas son a limpeza mecánica, como se fixo durante moito tempo. Di ademais que incluso hai denuncias polo uso do glifosato nesta casa, e que xa veremos en qué quedan, porque o feito de que o glifosato sexa legal non implica que se poida usar legalmente de calquera xeito, porque é un produto nocivo e a proba está en que os que o manexan van protexidos por máscaras, e di que incluso se podería admitir o seu uso en circunstancias concretas e controladas, pero non dese xeito indiscriminado que se fai, collendo o mundo por monteira e botándoo en tódalas estradas. E o argumento económico tampouco é un argumento porque, como xa expuxo a representante dos colectivos cidadáns, se facemos os números no ámbito global, e tendo en conta o dano ecolóxico e o gasto sanitario que acabará producindo a medio ou longo prazo, se chega a conclusión de que non é rendible; e en todo caso esta Deputación gasta moitos cartos en finalidades moi discutibles, e ao mellor dedicalos á limpeza mecánica non é tan discutible.

Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista, da o seu máis sincero parabén a este colectivo polo traballo ben feito e por defender a sanidade e a saúde da nosa provincia. Di que aínda que está case todo dito xa, quere apuntar dúas cousas. En primeiro lugar, que a normativa europea indica aos Estados membros que teñen que formar ás persoas do risco para a saúde humana e do medio ambiente na utilización destes produtos; e tamén a normativa europea respecto das pulverizacións aéreas di que debe prohibirse ou reducirse na medida do posible, e tamén que debe evitarse a contaminación das augas superficiais e profundas, e reducirse o seu uso nestes casos ou eliminarse. Di que dende o ano 2012 tentou prohibirse o uso deste produto, o glifosato, e a partir deste ano foise prorrogando a autorización do seu uso, e como ben se dixo aquí acaba de prorrogarse por dezaioito meses máis. En canto á exposición a estes herbicidas aguda e crónica, a aguda só ten efectos prexudiciais en exposicións masivas, con consecuencias graves, pero realmente o problema máis grave é a exposición crónica, vía acumulación, porque a substancia tóxica

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016

penetra no organismo humano, e este ten que eliminala ou metabolizala, e se isto non é posible, se vai acumulando nos tecidos; e hai unha segunda vía, que é a da amplificación, que se produce cando unha substancia tóxica contamina as augas, ao seu través os animais e ao seu través a cadea alimentaria, o que pode multiplicar o seu efecto crónico no ser humano. Di tamén que hai estudos científicos amplos, de diversas nacionalidades e publicados en revistas francesas, norteamericanas e españolas, e incluso do Instituto do Cancro, e está demostrado que a afectación na saúde humana do glifosato e outros pesticidas é neurotóxica, e depende desa neurotoxicidade a neuropatía desmelinizante, que está aparecendo con moita frecuencia na nosa provincia e no resto do Estado; e tamén inflúe sobre a fertilidade; tamén a exposición das embarazadas ten consecuencias pediátricas, e está comprobado cientificamente que produce tumores hepáticos nos nenos e tumores óseos e tamén algúns cerebrais; e nos adultos está demostrado cientificamente que produce leucemia aguda e crónica, e linfoma non – Hodgkin, e isto está demostrado con miles de traballos. Lembra que na comisión informativa se defendeu o uso do glifosato por razóns económicas, explicando que a roza mecánica dos 1.840 quilómetros de estradas provinciais sairía moi cara, dicindo que na roza horizontal o custe sería de 304.000 euros, e en dúas pasadas, e na inclinada uns 270.000 euros, é dicir, arredor duns 500.000 euros, en tanto que a utilización do herbicida suporía un gasto de 87.000 euros na substancia química, e 37.000 euros máis si se externalizaba. Cre, en cambio, que realmente se podería aforrar moito si se realizase a roza mecánica e non se empregase o herbicida, polas seguintes razóns: aparte do que se paga pola substancia e a súa aplicación, hai que sumarlle o custe que supón o deterioro que causa a utilización do herbicida nas estradas, porque ao eliminarse as herbas terra se volve branda e co paso do gando e de vehículos mecánicos as estradas se deterioran, e ademais estamos falando de temas de prevención, e di que por exemplo o custe de tratar unha leucemia aguda, sen transplante de medula, sería de 200.000 euros, só un caso de leucemia, e con transplante serían 300.000 euros, ou un linfoma, que sería de 200.000 euros, e si se suma todo iso, co que si se deixase de usar o glifosato se produciría un enorme aforro para as arcas públicas da provincia, co que o gasto de 500.000 euros na roza mecánica se revela un custe realmente moi baixo. Polo exposto, o seu grupo apoia esta moción e pide que se adopte este acordo, solicitándolle ao Sr. Presidente que, do mesmo xeito que nun acordo anterior se adoptou o obxectivo da provincia cardioprotexida,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

pasemos agora ao lema de Ourense saudable, e nas súas mans e nas do seu grupo está que a Deputación de Ourense non utilice herbicidas para a limpeza das estradas.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que aínda valorando positivamente diversos aspectos das propostas que hoxe nos presentan diversos colectivos da provincia, que son asumidas polos grupos políticos da oposición, o Grupo Popular votará en contra, e di que sen ánimo de polemizar (que podería facelo en algunhas cuestións que se teñen dito) tentará argumentar a posición do seu grupo. Di que no uso dos herbicidas con glifosato, os responsables desta deputación, políticos e non políticos, quede claro, están a seguir estritamente netas materia e sen excepción o que nos din os técnicos da institución, e nese sentido di que vai dar unha serie de datos para que se dispoña da maior información posible, e logo que cada quen se forme a súa opinión, pedindo que non se demonice demagoxicamente unha vez mais as actuacións desta institución, porque semella que o fin é sempre o mesmo. Di que o glifosato para a xestión da biomasa está sendo utilizado xeneralizadamente pola administración central, e iso non é unha escusa, pola Xunta de Galicia, e tampouco é unha escusa, e por moitos concellos desta provincia e do resto do Estado, e tampouco é ningunha escusa, pero tamén en cultivos de todo tipo, incluso aqueles con froitos que entran na cadea humana e animal, que tampouco é unha escusa, pero debe terse claro, e di que tampouco imos entrar aquí a discutir os efectos nocivos ou canceríxenos que poden ter o aloe vera, o alcohol, o tabaco ou o café, e di que non fai demagoxia e só pon uns exemplos, e o que quere dicir é que existen moitos organismos que empregan o glifosato. A EPA, a Axencia de Avaliación Ambiental norteamericana, nun estudo de 1993 o di así, e a OMS fixo un estudo en 1994 e tamén o di, e a Comisión Europea, a Dirección Xeral de Saúde e Consume, o Comité Permanente da Cadea Alimentaria e Saúde Animal no ano 2010, e o Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Marino tamén autoriza a súa aplicación, e recentemente a Comisión Europea concedu a prórroga xa citada. Reitera que o grupo de goberno segue estritamente nesta materia o criterios dos técnicos da institución, que nun informe conclúen que “coa información achegada, e tendo en conta a difícil conxuntura económica, cremos moi razoable autorizar nesta deputación o uso do glifosato”, e continúa dicindo que “debemos realizar un mantemento sostible da biomasa nas beiras das estradas, e estase a utilizar de modo sistemático unha combinación de medios mecánicos e fitosanitarios na rede viaria, sen que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

se observen cambios significativos, nin no medio ambiente, nin nos animais, nin nas aves, nin nos insectos, en todas as vías nacionais, autonómicas, municipais e provinciais”. Continuando lendo pasaxes do informe, nos que se di que existen diferentes organismos medioambientais que autorizan o seu uso – os xa citados anteriormente – e informan “dos lixeiros efectos adversos no entorno”. Di que o politicamente correcto está moi ben, pero hai que ter en conta o economicamente viable, e que non se pode facer un *totum revolutum* misturando cuestións sanitarias e outras e cuestións que non son competencia desta deputación, todo co obxectivo de criticar o que se fai dende aquí. Di que o principal problema segundo os técnicos provinciais da corta da maleza é o rápido crecemento en toda a lonxitude da rede viaria, e para facer fronte a esta situación temos dúas posibilidades, ou un número moi alto de máquinas de roza actuando de xeito simultáneo, porque cada máquina pode tratar seis quilómetros de estrada por día sen contar os tempos de desprazamento, avarías, etc..., o que para 1.840 quilómetros necesitaríamos dezaseis meses de traballo cun só equipo ou dezaseis equipos con dúas máquinas cada un, e persoal de roza manual para facelo nun mes, e todo isto sen considerar elementos externos que alonguen o proceso, e se despois da roza se produce un novo ciclo de chuvias, como este ano. É moi posible que tivésemos que volver a empezar, e debería facerse como mínimo tres veces ao ano, sendo o período crítico a primavera, e o custe económico deste traballo rolda 1,8 millóns de euros. Outra opción é realizar dúas cortas ao ano e unha aplicación de fitosanitarios, que ralentiza o crecemento das herbas e evita que a súa aparición sexa tan explosiva, e o custe estimado roldaría 1,2 millóns de euros. Para rematar, di que os técnicos provinciais conclúen que é importantísima a correcta aplicación destes produtos, para garantir que só afecte ás marxes das vías, evitar danos nas zonas de auga e a acumulación de masa vexetal nas gabias, e este foi o motivo de que se elaborase un manual de boas prácticas e se formase ao persoal nese sentido. Di que é compromiso firme do Sr. Presidente delimitar a partir de 2017 áreas concretas de especial protección na aplicación destes herbicidas, e ampliar esas áreas onde non se empregará glifosato, e así se lle encargará en breve ao técnicos da Deputación. A día de hoxe, se seguirá actuando de acordo coas directrices dos nosos técnicos, seguindo estritamente os seus informes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que lle gustaría ceder esta derradeira quenda de intervención novamente aos representantes dos colectivos cidadáns.

O **Sr. Presidente** acepta a petición, se non teñen inconveniente os grupos, sen que ningún grupo manifeste expresamente a súa oposición.

Dona Gema Martínez - Seara Vázquez ocupa de novo o escano do portavoz do Grupo do BNG, manifesta a súa mágoa polo que acaba de expresar o voceiro do Grupo Popular, aínda que non é ningunha sorpresa porque xa están afeitas a que este grupo político non escoite as demandas populares, como se leva vendo ao longo de moitos anos. Di que non consideran que o feito de que outras administracións utilicen o glifosato sexa unha xustificación para utilizalo en Ourense, e cren que debería xustificarse dun xeito máis contundente o seu uso. Consideran que o Grupo Popular ten unha visión moi cortoplacista sobre os danos que pode causar o glifosato, e di que no seu momento o tabaco se publicitaba e hoxe o tabaco é Satanás, e pregúntase se tamén van fumar no Camiño de Santiago e van avisar aos peregrinos de que están a utilizar eses produtos tóxicos como fan nas estradas das aldeas onde se ven eses carteis de advertencia, e pregúntase por que se protexen con luvas e máscaras as persoas que o botan, e si é inocuo por qué non van en camiseta a fumar. Pregúntase tamén canto tempo máis imos aturar a degradación do noso medio ambiente que tanto queren potenciar para o turismo, dando as costas a todas as reclamacións polas desfeitas medioambientais que padece a provincia. Di que a roza mecánica hai que facela todo o ano, igual que o mantemento dos montes, é un traballo continuo e pode xerar riqueza ao longo de todo o ano. Di que en dous anos se reabrirá o debate na Unión Europea e entón probablemente nos volveremos a ver as caras, e di que non van parar nesa loita contra o uso do glifosato e que seguirán informando para que a xente saiba os prexuízos que causan este tipo de produtos. Da as grazas ao Grupo Popular por non facerlles ningún caso.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14), (incluídos os votos das deputadas ausentes).

12º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

13º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE DESIGNACIÓN DE D.^a MONTSERRAT LAMA NÓVOA PARA REPRESENTAR Á DEPUTACIÓN NO PLENO ORDINARIO DA COMISIÓN GALEGA DE PROTECCIÓN CIVIL, QUE TIVO LUGAR O DÍA 6.6.2016.-

Dáse conta do seguinte decreto:

“D E C R E T O: *Ourense, 3 de xuño de 2016*

*Recibida convocatoria para asistir ao pleno ordinario da Comisión Galega de Protección Civil, que terá lugar na data 06.06.2016 ás 10.00 horas na sala 1 Colmeiro da EGAP, en Santiago de Compostela e ante a imposibilidade de asistir á ésta, e tendo en conta o previsto nos artigos 35.4 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e 67 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), **DISPOÑO:***

*1º.- Designar á deputada desta Deputación D.^a Montserrat Lama Nóvoa para que me substitúa asistindo en nome e representación da **Deputación Provincial de Ourense** ao pleno ordinario da Comisión Galega de Protección Civil, que terá lugar o día 06.06.2016, ás 10.00 horas, na sala 1 Colmeiro da EGAP, en Santiago de Compostela.*

2º.- Dese traslado do presente decreto aos interesados, conta ao pleno da corporación na vindeira sesión que celebre e publíquese no BOP, todo elo sen prexuízo do sinalado no artigo 44.2 do ROF”.

Dáse conta tamén dos seguintes decretos, que foron asinados con posterioridade á convocatoria do Pleno:

“D E C R E T O: *Ourense, 27 de xuño de 2016*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

Con data 28 de maio de 2016 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense a Ordenanza reguladora da utilización por terceiros das instalacións e centros culturais da Deputación Provincial de Ourense.

Co fin de garantir unha maior celeridade e eficiencia administrativa do previsto na dita Ordenanza considérase conveniente delegar o exercicio das atribucións conferidas a esta Presidencia pola dita Ordenanza.

Polo exposto e ó abeiro do establecido no artigo 63 apartados 1 e 3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
DISPOÑO:

- *Delegar no Deputado Delegado da Área de Facenda, don Rosendo Luis Fernández Fernández, o exercicio de todas as atribucións que corresponden a esta Presidencia para a aplicación da Ordenanza reguladora da utilización por terceiros das instalacións e centros culturais da Deputación Provincial de Ourense (BOP do 28 de maio de 2016), e en particular a resolución das solicitudes de autorización de uso e os actos de trámite que correspondan á Presidencia nos ditos procedementos.*

No exercicio das atribucións delegadas o Deputado Delegado da Área de Facenda poderá ditar circulares e instrucións de obrigado cumprimento para o persoal dos centros culturais incluídos no ámbito de aplicación da Ordenanza.

A presente delegación de atribucións xurdirá efectos dende o día seguinte ó da data desta resolución, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense”.

“D E C R E T O: Ourense, 28 de xuño de 2016

*Unha vez vista a solicitude formulada polo Consello Galego de Saúde para que, segundo o previsto no artigo 24.3.b) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, por parte da Deputación Provincial se designe un vogal no dito Consello, no exercicio das atribucións que me confire o artigo 34.1.b) da Lei de bases do réxime local, **DISPOÑO:***

1º) Designar como vogal no Consello Galego de Saúde a:

- *D. Rosendo Luís Fernández Fernández, vicepresidente primeiro da Deputación Provincial.*

2º) De conformidade co establecido nos artigos 42 e seguintes do ROF, dese conta do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

presente decreto ó Pleno da Deputación e publíquese no BOP para xeral coñecemento”.

14°.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de maio de 2016 e dos seguintes adicionais 2º de xaneiro, 2º de febreiro, 2º de marzo e 1º de abril de 2016.
- Deputado delegado de Facenda: mes de maio de 2016 e dos seguintes adicionais: 2º de marzo e 1º de abril de 2016.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de maio de 2016.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de maio de 2016 e 1º adicional de abril de 2016.

15°.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

O **Sr. Presidente** cédelle a palabra a **dona Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista**, para que expoña o contido do escrito que presentou con número de rexistro 19.408.

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, manifesta que a súa pregunta é en relación coa declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade. Entenden que é un proceso longo. Lévanos dezasete anos na denominada lista indicativa de bens e sitios excepcionais do patrimonio mundial da UNESCO. Dezasete anos de boas intencións. Somos a entrada máis antiga da listaxe correspondente a España. Alá polo ano 2013 desde esta Deputación iniciouse unha campaña para o impulso da candidatura da Ribeira Sacra. Nesta ocasión, por parte do presidente da Deputación se di que era unha cuestión de meses. En decembro de 2014, no mosteiro de San Pedro de Rocas asinou un convenio de colaboración entre as dúas deputacións, a de Lugo e a de Ourense, o Valedor do Pobo e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, para iniciar todos xuntos a andaina para a distinción da UNESCO. Pero vai ser que no ano 2016 tampouco vai ser o ano desta declaración. Polo exposto formula as seguintes preguntas:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

¿Cal é a situación do expediente en tramitación de declaración da Ribeira Sacra como patrimonio mundial pola UNESCO?

¿Qué trámites se levan realizado e cales están pendentes de realizar?

¿Cal é a previsión temporal para a declaración como patrimonio mundial?

O **Sr. Presidente** responde que na preparación do expediente da candidatura da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade existe unha comisión na que están integrados os alcaldes e alcaldesas das provincias de Lugo e Ourense, os dous gobernos provinciais, a Xunta de Galicia e a Valedora do Pobo (antes valedor). Sobre o horizonte temporal da declaración, desde o momento non que se constituíu a comisión, falábase dos anos 2016, 2017 ou 2018, e incluso se repartiú a presidencia desa comisión para que se fixera rotatoria entre os seus membros. A información facilitada desde esa comisión di literalmente o seguinte: “Os informes técnicos sobre os que debe elaborarse o expediente de ben de interese cultural como paso previo á preparación da candidatura de inclusión na lista de patrimonio mundial fóronlle entregados á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o 18 de xullo de 2015, nun acto celebrado en San Pedro de Rocas. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria remitiulle á institución do Valedor do Pobo o 30 de xullo de 2015 (recibido o 6 de agosto) un escrito no que se valoraba a documentación achegada pero só parcialmente. En concreto, a cartografía completa estaba incluída no Sistema de Información Xeográfica que na consellería non puideran analizar aínda. No informe remitido pola Consellería conclúese que é preciso elaborar un documento de síntese sobre a base dos informes técnicos elaborados polo equipo de expertos coordinado pola oficina do Valedor do Pobo. Ese documento debe axustarse a unhas esixencias formais no expediente de BIC e ás directrices operativas da UNESCO para a tramitación das candidaturas á lista do patrimonio mundial. O 21 de marzo de 2016 remitíuselle un escrito desde o Valedor do Pobo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no que o equipo de traballo manifesta o seu compromiso coa candidatura. Neste sentido, co fin de cumprir cos prazos para a declaración de BIC, expresa o seu desexo de que por parte da DXPC se designe a un técnico da consellería co que se poida revisar toda a información incorporada ao Sistema de Información Xeográfica e que supervise o documento de síntese que sexa presentado polo equipo, de acordo coas especificacións que xa foron indicadas pola DXPC no seu

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

documento de análise do 30 de xullo. Nese informe, os membros do equipo de expertos consideraban necesario manter unha sesión de traballo con persoal técnico da consellería, que é o órgano que debe tramitar a declaración de BIC, para que a documentación final reunise todos os requisitos de forma e contido precisos para poder incoar o expediente de declaración de BIC. Nesa reunión determinaríase tamén aquela parte dos formularios da candidatura a Patrimonio Mundial que debe ser encargada e financiada como seguinte fase do proxecto, aínda que se conte en todo caso coa achega científica e técnica do grupo de traballo”. Engade que ten coñecemento de que se reunirán o vindeiro mes de xullo e unha vez que teña a información sobre esa xuntanza lle será remitida á deputada e a tódolos grupos provinciais.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que a Deputación de Ourense e o Ministerio de Industria subscribiron a principios do mes de xuño un convenio do que presuntamente se beneficiarán máis de 450 mozos e mozas ourensáns en situación de desemprego con idades comprendidas entre os 16 e 30 anos. Polos datos dos que dispoñen (confirmados neste Pleno) contará cun investimento total de 3,6 millóns, cofinanciados polo Ministerio de Industria, o Fondo Social Europeo, a Deputación, a Xunta e a Escola de Organización Industrial. Polo exposto pregunta o seguinte:

¿Pode dicirnos cal é a parte que pon cada unha das institucións asinantes?

¿En qué momento do proceso está cada unha das tres liñas de actuación previstas no devandito convenio?

O Sr. Presidente responde que lle remitirá a información por escrito, con copia incluso do convenio.

D. Francisco José Fraga Civeira, do Grupo Socialista, formula un rogo no seguinte sentido: recentemente recibiu (supón que máis deputados tamén porque veñen a volta de correo) queixas sobre o estado das canceiras, polo que roga que se verifiquen os extremos recollidos nos ditos correos. Se son certos que se corrixa e se non son certos que se desmintan, porque hai algún que leva por título “asqueada con su gestión”

O Sr. Presidente manifesta que xa están absolutamente desmentidas todas esas cuestións e que as canceiras que xestiona a Deputación están a disposición para que calquera que o desexe poida comprobar in situ o seu estado.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xuño de 2016
--

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, pregúntalle ao Sr. presidente se algún día lles pensa contestar, porque xa o preguntaron moitas veces nas comisións (que non valen para moito, algunhas, porque hai outras nas que os deputados fan o seu traballo) se na convención que tivo lugar do Partido Popular en Cuenca (non lembra o día) utilizou o coche oficial. Supón que é unha pregunta fácil de contestar. Tamén reitera a pregunta sobre se un traballador desta casa ten pedida a compatibilidade para traballar na Mancomunidade de Celanova (outra cousa fácil de contestar). Non sabe se van ter que vir cun notario para poder acceder aos libros de rexistro, porque supón que iso constará e ademais ese traballador é irmán dun deputado desta Corporación que ten dedicación. Pensa que hai cousas que se terían que dirimir aquí e non nos xulgados (como lle dixo o Sr. Álvarez Dobaño ao Sr. Jácome), pero se seguen así o van ten que facer.

O **Sr. Presidente** responde que recibirá a documentación solicitada.

As intervencións íntegras deste punto recóllense no punto décimo quinto da vídeo acta da sesión, e están dispoñibles no seguinte enlace: [ver punto décimo quinto](#)

E, ás quince horas do día trinta de xuño do ano dous mil dezaseis, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,